



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A xestión dos residuos na cidade da Coruña: A catástrofe do vertedoiro de Bens.

Facultade de Economía e Empresa

Mestrado Universitario en Xestión e Políticas Públicas

Francisco Fernández Castrillón

Titor: Valentín Alejandro Martínez Fernández

Curso 2012-2013

Gustárame agradecer a colaboración prestada na titorización do traballo a Valentín Alejandro Martínez Fernández, aos profesionais que teñen prestado o seu tempo e contribución no desenvolvemento empírico do mesmo e a Molly Lincoln pola súa colaboración na tradución do Resumo inicial.

A Coruña 8 de Maio de 2013

Índice de contido

Introdución.....	6
Obxectivos.....	8
A Metodoloxía.....	11
A aproximación ao fenómeno de crise.....	13
A crise como xénese.....	13
A crise como fenómeno vivo en evolución.....	15
O avance cara a estrutura.....	17
A relatividade da crise e o modelo de conduta.....	19
A xestión de crise.....	21
A Comunicación como elemento do plano de actuación.....	21
O marketing empresarial e a comunicación no marco da xestión	22
A mensaxe como valor organizacional.....	24
O caso do vertedoiro de Bens.....	28
Plantexamentos básicos.....	29
A relevancia da administración pública.....	30
Emerxencia e resposta.....	32
Fallos na preparación.....	33
O detonante da catástrofe.....	37
O entorno da Crise.....	38
O deseño do plano de xestión.....	40
O perigo, a reactividade e as implicacións para a organización.....	41
A crise e o proceso de xestión.....	44
A xestión municipal.....	46
Xestión Operativa da Crise.....	50
O coñecemento do entorno.....	52
A xestión da imaxe.....	54
Os detonantes da crise, unha aproximación ao caso Prestige.....	55
O caso Prestige.....	59
O detonante como forma da solución.....	65
Conclusións.....	68
O cambio no paradigma de xestión dos Residuos.....	72
O modelo de Nostián e o modelo da reciclaxe.....	75
A comunicación.....	76
Apoteose Verde.....	79
A latencia do conflito na xestión dos residuos.....	81
O peche do conflito de Bens.....	85
Referencias Bibliográficas.....	88
Anexo I.....	90
A evolución da crise paso a paso.....	90
Anexo II.....	94
Entrevistas en Profundidade.....	94
Manuel Soto Castiñeira.....	94
Consuelo Bautista Benejama.....	109
Guillermo Fernández Obanza-García.....	125
Antón Luaces Teixido.....	143
María Jesús Castro Candal.....	150
Francisco Lueiro García.....	162
Francisco Javier Losada de Azpiazu.....	168
Salvador Fernández Moreda.....	183

RESUMO: A xestión da Crise dende o punto de vista práctico, conta cunha gran cantidade de variantes con respecto ao marco teórico; por este motivo é precisa unha análise en profundidade de cada un dos casos e das súas peculiaridades.

Dende este punto de vista, a detección das características das organizacións afectadas, da súa imaxe e dos grupos de influencia dos que son debedores, van influír notablemente no devir histórico da crise. Un devir suxeito a infinidade de feitos e situacións que han de ser examinados en base á súa particularidade.

A administración pública e a súa exposición mediática, van facer do caso de estudo un tema relevante á hora de adaptar o paradigma xerencial privado a un ente moi suxeito a escalas, prazos e orzamentos; o que o lle confire un especial interese máis aló do seu resultado.

TERMOS CLAVE: Xestión de Crise, Organizacións afectadas, Devir histórico da Crise, Administración Pública, Exposición mediática.

ABSTRACT: In practice, crisis management involves a large amount of variables not always present in a theoretical approach; therefore an in-depth analysis is necessary for each case study.

The elements of the organizations affected, their public image, and the influential groups that depend on them will influence the course of the crisis. It is necessary to take into account a vast number of incidents and situations to be examined on an individual basis.

This case study illustrates what happens when public administration, with its widespread media exposure, adopts the paradigm and language of private management. The results, coming from an entity subject to established strata, deadlines, and budgets, are especially relevant and interesting regardless of the verdict.

KEYWORDS: Crisis Management, affected organizations, course of the crisis , Public Administration, media exposure.

Introdución

O seguinte traballo de mestrado, tenta establecer unha visión mais clara do contexto de crise a través do recoñecemento da súa mutabilidade, relevancia e necesidade dun plan de continxencia.

Polo tanto e tendo en conta a súa esencia, orixe, medidas aplicadas e a capacidade de supervivencia política e mediática, o obxectivo principal vai ser establecer unha relación entre a pragse levada a cabo polo concello da Coruña na xestión da catástrofe de Bens e os modelos teóricos existentes.

Para isto partiremos dos feitos sucedidos o día 10 de setembro de 1996, que se ten convertido para a cidade de A Coruña nun día que marcará a súa evolución ao longo de décadas futuras, do mesmo xeito que o día 11 de Setembro¹ supuxo anos despois en Nova York un cambio na concepción da cidade tanto a ollos dos seus cidadáns como a ollos foráneos.

O 11 de Setembro de 1996, a cidade da Coruña convertese no obxectivo de información da prensa nacional e internacional, o que sitúa unha vez máis a imaxe² da cidade herculina ante unha situación de perigo medioambiental tras o incidente provocado polo Mar Exeo o 3 de decembro de 1992³.

Malia todo, desta volta, o plano medioambiental non centra de forma exclusiva o discurso social, senón que máis ben, este é parte dunha ameaza que pon en dúbida a imaxe da cidade e a solvencia dos seus xestores. Xa que logo, ha de supoñer un notable contratempo para os seus obxectivos de se converter nun dos principais atractivos turísticos da franxa norte peninsular.

1 O 11 de Setembro de 2001, supuxo para a cidade de Nova York unha crise na seguridade, que foi solventada a través dunha campaña turística millonaria e un reposicionamento de Nova York como cidade.

2 A imaxe ao longo da segunda metade do século XX, ten pasado a constituír un elemento enormemente relevante debido ao crecemento do intercambio de información e as relacións sociais e públicas que atinxen ás grandes organizacións e ao goberno, sinalando o valor e importancia de mantela á hora de conservar unha determinada reputación. (LOSADA DÍAZ .J.C. 2010)

3 Incidente causado polo petroleiro Egean Sea a escasos metros da cidade que puxo en perigo tanto a seguridade sanitaria como medioambiental da cidade e a reputación de Repsol como responsable da carga.

A nova situación resultado da catástrofe, establece polo tanto un novo contexto no que o risco como froito da xestión institucional, outorga un gran plano mediático á cidade e a súa influencia no desenrolo turístico e cultural; que se ve ameazado por un conflito ambiental e sanitario que afectaba directamente a imaxe da cidade e pon en solfa un modelo de xestión de residuos que parece ser ineficiente e obsoleto.

Neste contexto de catástrofe ou crise, estableceranse os principios de análise; no que a xestión da información por parte da administración e as accións desenroladas por parte dos organismos implicados, van dar lugar a unha dimensión mediática na que a información xoga un papel moi importante á hora de presentar o conflito perante a opinión pública.

É neste punto, no que a toma de decisións por parte da corporación de goberno municipal toma a relevancia que se lle presume a toda dirección organizacional ao plantexar unha Xestión de Crise activa e dinámica, encamiñada a sandar os problemas de imaxe xurdidos polo derrubo de 200.000 m³ de Residuos Sólidos Urbáns⁴ e as súas consecuentes implicacións ecolóxicas.

⁴ O termo RSU, fai referencia aos residuos sólidos urbáns que se xeran na actividade doméstica e comercial das cidades.

Obxectivos

Estas páxinas polo tanto, van ter como fin último dar luz a un fenómeno complexo como é o de crise⁵, a través por un lado da exposición dos feitos investigados derivados da catástrofe e dos seus detonantes, e polo outro da aproximación teórica á xestión de crise en base ás achegas existentes sobre a materia.

As principais achegas deste traballo consistirán polo tanto: 1. Recompilación das principais teorías desenroladas no marco da xestión de crise. 2. Análise de caso na xestión da crise provocada polo afundimento do Vertedoiro de Bens. 3. Avance no estudo da xestión do caso para determinar a posible relevancia da xestión e os seus resultados.

Esta terceira parte, será a que centre de forma máis clara o desenrolo do estudo, xa que se trata de identificar as principais diferencias entre o caso do Vertedoiro de Bens e casos de semellante calado organizacional; permitindo de tal modo unha comparación técnica á hora de establecer aqueles elementos diferenciadores e relevantes para a detección dunha boa ou mala xestión institucional.

Vai ser neste conflito, no seu transcurso, nas súas *casuísticas e no conflito teórico que vai xerar*, no que sente as súas bases esta investigación centrada principalmente na xestión de crise a nivel organizacional e máis concretamente na especificidade da administración pública local a través da catástrofe de *Bens*⁶.

5 Xa que a crise é un fenómeno que pode ocorrer en calquera momento, en calquera sector e de múltiples formas.(LOSADA DÍAZ .J.C. 2010)

6 Valorando este, como un suceso súbito e inesperado que se produce o 10 de Setembro no vertedoiro ao aire libre da cidade da Coruña e que afecta gravemente o desenrolo da xestión da cidade pola súa previsibilidade froito dos antecedentes de risco.

Mediante este suceso e baseándonos na información existente sobre o detonante, a xestión e a evolución do conflito creado na competencia en materia de RSU, analizarase tanto a afectación por parte da administración como o modelo implementado na abordaxe do proceso de crise e as súas posteriores reminiscencias na imaxe reflectida polo concello da Coruña⁷

A importancia da imaxe ou da cultura como elemento de identidade⁸, vai ser un dos principais factores a ter en conta á hora de establecer unha resposta determinada á crise, xa que como valor, está será a liña a seguir dende o comezo ao fin dos problemas.

É dicir, que de dita imaxe vai depender o modelo de actuación a levar a cabo, tendo en conta que o xestor debe coñecer correctamente o perfil concreto do seu universo, no que tanto os condicionantes como a resposta aos mesmos establecen unha maior capacidade de reacción e polo tanto unha maior preparación específica (Mittroff e Pearson 2008).

É por isto, polo que se ten seleccionado este caso concreto, en primeiro lugar porque se trata dunha administración pública, co que isto implica a efectos de extrapolación e en segundo lugar polo efecto causante sobre grupos de interese máis amplos e polo tanto máis complexos á hora de levar a cabo unha intervención tan ampla.

Tentarase polo tanto establecer, como afecta a xestión de crise no ámbito público e cal é a repercusión do caso concreto do vertedoiro de Bens, tendo en conta o interese mediático e social do mesma fronte outros fenómenos de crise xestionados dende a administración pública⁹ e cuxos estudos técnicos á disposición, se presentan como deficitarios á hora de ter cumprido o seu obxectivo principal.

⁷ Esta análise lonxitudinal, permitirá establecer unha total cobertura tanto do fenómeno producido, como das diferentes fases do mesmo, proxectadas no desenrolo do propio concello.

⁸ Entendendo a imaxe como o capital simbólico e de creación de valor para toda organización. (Bourdieu. P.F. 2000)

⁹ Malia que tódalas crises son previsibles e autoprovocadas ben sexa por mala xestión ou imprevisión, non todas son merecedoras de repercusión mediática, mais casos como o do Naufraxio do Prestige (2002), o Casón (1987) ou a detección de casos de reses co mal das Vacas Tolas en Galicia (2001) van ser en certo modo equiparables en canto a repercusión e desenrolo.

A comparación entre os diferentes modelos de comportamento institucional xunto coa base teórica de xestión de crise, vai permitir polo tanto xulgar o grao de idoneidade da xestión do derrubo do vertedoiro de Bens, xa que desta comparación, vanse poder extraer toda unha serie de indicadores do éxito ou non do modelo de xestión.

Para isto, entenderase a *crise* como o núcleo central do colapso institucional¹⁰ e valoraranse as derivacións do mesmo como índices da avaliación das políticas implementadas, que se converterán neste caso, en elementos de detección da normalidade ou anormalidade do comportamento do órgano xestor.

Para esta detección, analizaranse polo miúdo os paradigmas de xestión existentes, así como a interpretación dos diferentes modelos en comparación, ademais afondarase na percepción de expertos na materia, permitindo así unha maior achega ás diferentes fases da crise no seu xurdimento e vida¹¹.

Este estudo pormenorizado de caso, vai permitir unha identificación exhaustiva das pautas transcendentales e transferibles a outras crises, así como o impacto positivo das mesmas no imaxinario dos profesionais relacionados coa mesma.

Deste xeito, a través de entrevistas específicas, tentarase mediar a importancia da planificación, do liderado, da responsabilidade, do impacto positivo, da transferibilidade e da repercusión pública na xestión levada a cabo en cada caso.

Esta visión integral dos axentes implicados, expertos de comunicación, políticos e ambientalistas; permitirán avaliar o contexto derivado do sucedido no marco referencial actual. Avaliando así, as actuacións levadas a cabo e a súa posible mellora baseada nas regras marcadas polas principais teorías de xestión.

¹⁰ Entendendo a institución como todo ente en evolución e sometida a uns criterios aleatorios no desenrolo da súa vida no sistema.

¹¹ Valorando a crise (krisis) como fenómeno mutable e delimitador das accións emprendidas polo encargado da xestión da mesma.

A metodoloxía

Como froito do carácter e da relevancia establecida polo derrubo do vertedoiro na cidade, tense establecido unha metodoloxía encamiñada á visualización dos sucesos a través de testemuños de primeira man no que se reflictan as diferentes responsabilidades e actuacións na actividade política, social e mediática da cidade.

A este propósito, debemos destacar a labor de busca e sondaxe dos individuos relevantes á hora de realizar toda unha serie de entrevistas en profundidade que permitan establecer máis luz sobre as accións desenroladas ao longo do período de crise e sobre o impacto do mesmo tanto nos medios como no eido social.

Como resultado, tentárase o establecemento dun modelo de entrevista que aborde os principais fenómenos xurdidos durante a crise apelando a diferentes voces implicadas no proceso desenrolado tras a catástrofe e abordando así a persoas relevantes no eido medio ambiental, mediático e político.

Entrevistado/a	Cargo desenrolado	Función
D. Francisco Javier Losada de Azpiazu	Teniente de Alcalde	Alcalde en funcións e coordiador do dispositivo primario
D. Salvador Fernández Moreda	Concelleiro de Urbanismo	Membro da corporación municipal
D. Manuel Soto Castiñeira	Prof. Titula Enxeñería química UDC	Coordinador Nacional da Asociación Ecoloxista ADEGA
D. Guillermo Fernández Obanza-García	Pdte. ONG Ecodesarrollo	Membro de Greepeace e interlocutor co concello
D. Francisco García Lueiro	Pdte. Asociación Ecoloxista Arco Iris.	Interlocutor co concello e activista ambiental

Dna. Consuelo Bautista Banejama	Xefa de programas informativos Radio Coruña Cadena SER	Coordinadora da retransmisión a nivel nacional para Cadena SER
Dna. María Jesús Castro Candal	Xornalista RTVG A Coruña	Retransmisión para a RTVG
D. Antón Luaces Teixido	Xornalista RNE	Xornalista e compañeiro da persoa falecida no derrubo do vertedoiro de Bens

A aproximación ao fenómeno de crise

A natureza e o alcance dos efectos da crise nunha organización, poden resultar tremendamente fatídicas ou benéficas sempre e cando as partes integrantes da mesma sexan conscientes da súa propia realidade, da inestabilidade da mesma e da necesidade dunha preparación específica (Mittroff e Pearson 2000)¹².

En todo caso, son múltiples as teorías que fan referencia á mutabilidade das circunstancias e a importancia dun plano de actuación previo que axude a minimizar o efecto perverso da crise.

Neste afán descritivo por establecer un marco teórico común que respalde academicamente os Plantexamentos establecidos sobre a xestión do conflito de Bens, vaise conceptualizar e contextualizar a crise xunto con todos aqueles paradigmas que teñen xurdido entorno a ela como fenómeno constatable ao longo do tempo.

A crise como xénese

A crise e a súa orixe, van estar enraizados na mutabilidade da realidade, xa que esta se establece como tendencia natural e social, atribuíndolle así unha incertidume moi próxima as teorías postmodernistas.

Esta incertidume, sitúa a crise como parte da natureza e como tal, sometida a unha evolución aleatoria na que non só se valora o concepto último da mesma, senón como preludio a esta situación escura ou crítica¹³, móstranse toda unha serie de indicios que constitúen unha cantidade inmensa de grises, é dicir que existen toda unha serie de indicios e resultados a ter en conta tanto para a comprensión do caso, como para a xestión do mesmo.

Estas compoñentes aleatorias e caóticas inherentes á natureza humana e polo tanto á cultura non deben ser obviados, pois poden supoñer diferentes formas

¹² É moi importante ter unha disposición aberta ao coñecemento da realidade e a preparación para toda posible complicación xerada no desenrolo da súa labor. Como gestionar una crisis: guía para mejorar la preparación frente a una crisis. 2000

¹³ Establecendo a Crise como proceso non inmediato senón continuo e crónico ao propio desenrolo vital e aos seus efectos (LINKE 1989) en (GONZALEZ HERRERO.A 1998).

de aproximación á crise.

En todo caso como parte dun organismo vivo como a sociedade, a crise desenrolase de forma constante dando lugar a situacións incertas ou liminais que (Meyers e Holusha, 1986) establecen como o fundamento dun principio transitorio “*xa que as crises presentan oportunidades ao tempo que desafíos que non se presentan en ningunha outra ocasión*”.

Esta visión da crise como principio de cambio, vai ter amplo arraigo en dúas vertentes filosóficas e de comportamento que van permitir establecer os principais plantexamentos de decisión e xestión de crise neste traballo.

- *O punto de vista hipocrático*, representado no pensamento grego, no que segundo Heráclito, establecece unha complementariedade entre o positivo e o negativo e de cuxa liminalidade depende a deriva do comportamento do organismo como ente vivo e exposto a unha situación crítica.
- O punto de vista da filosofía Chinesa, no que se esvaece a vertente dualista da realidade para enraizarse nun principio holístico, no cal perigo e oportunidade non son exclusivos, senón que conforman un mesmo aspecto inherente a simple existencia.

Estas dúas vertentes clásicas enraizadas na orixe do pensamento creativo asociado ao caos como resultado no primeiro caso e xénese no segundo, vai ser a base na que radica a moderna concepción de *crise como tensión*¹⁴, xa que a partir da terminoloxía saxona, a crise en relación co caos de raíz grega vai implicar unha decisión e un punto de tensión no que se deixan en suspenso regras e modelos dando así lugar a novas formas e paradigmas de comportamento.

Vai ser polo tanto a reinterpretación do termo grego asociado ao principio evolucionista da realidade social, o que estableza a relatividade do comportamento evolutivo para imbuílo nun novo plano de perigo-oportunidade.

¹⁴ É este principio de Tensión asociado á redifinición saxona do termo hipocrático o que permite establecer unha relación máis directa entre as dúas perspectivas clásicas e a súa relación coa crise.

Preséntase así unha *terceira vía*, que abre as posibilidades da crise non só xa como elemento puramente analítico, senón que pásase a avaliar estes fenómenos como principios rexedores da actuación perante unha situación de caos, na que non se fala xa unicamente de desorde, senón da potencialidade dunha nova orde mellorada con capacidade para xerar moitas máis oportunidades e aplicacións, superando a desfasada actitude sistémica e prezando a realidade como un todo no que crise e orde se apoian para reestruturar a orde das cousas.

A crise como fenómeno vivo en evolución

Esta asimilación do devir da natureza en permanente transformación e desenvolvemento como resultado da mutabilidade dos entornos, vai permitir establecer o tránsito entre as diferentes visións da crise e o establecemento dos diferentes modelos de xestión.

Debido ao carácter bioloxicista da primeira aproximación ao estudo, deberíase indicar que o obxecto do mesmo é un sistema composto, un organismo que no seu desenvolvemento pode presentar toda unha serie de alteracións que presentan á crise como:

*O acontecemento ou serie de acontecementos que sorprende a un individuo ou organización e restrinxe o seu tempo de resposta positiva e duradeira a unha ameaza aos seus obxectivos prioritarios, privándoo ademais dun diagnóstico na predición ou a situación.*¹⁵

Esta situación de crise, que pode ser asimilada co proceso crítico producido sobre un organismo enfermo, convirte á crise nun principio obxectivo no que se corre o risco de desencadear un cambio e unha inestabilidade dificilmente mensurable antes do detonante.

¹⁵ HERMANN (1963 Y 1972) malia que tildada de reducionista por Billings, Milburn et al (1980) ao presentala como demasiado cinguida aos obxectivos organizacionais. A pesar de todo a elección da mesma fai referencia á identificación de obxectivos entre gobernantes e gobernados baseada no principio de elección democrática.

Por isto, téndese a unha evitación da mesma como fenómeno traumático, centrando os seus esforzos na predición dos fenómenos de risco en base a pautas preestablecidas e exemplificadas en casos semellantes, o que lle confire un carácter incerto pola súa énfase no mantemento do equilibrio existente.

É dicir que cando se produce unha crise, esta tende a ser tratada segundo principios evolucionistas, no que se valoran os efectos en función da afectación ao organismo sen máis. Esta bipolarización da crise e das fases do conflito, denota un recoñecemento do fenómeno dende o punto de vista estrutural, dende o plantexamento da evolución histórica das sociedades e a creación voluntaria ou non de maiores e expoñentes perigos para o home; o que aboca a un determinado conxunto de individuos, a tomar unha decisión nun momento clave no que a ameaza da supervivencia dun ente complexo, vese sometida a crítica e polo tanto replantease o modelo na busca dunha maneira mais eficiente, o que supón tamén un maior acondicionamento a nova situación social.

É dicir, a crise mostra os mecanismos, tensións e contradicións que ate o momento tiñan estado ocultos e que pola súa inmediatez supoñen un trastorno e provocan a incapacidade para abordar situacións particulares; o que pode dar lugar a un incerto resultado se esta non é xestionada da maneira correcta.

Segundo esta aproximación teórica, non só se produce unha agresión contra o entorno, senón que se pon en crise a sociedade que a conforma e da que emanan unha multitude caótica de percepcións. Na xestión de ditas percepcións dos individuos involucrados no proceso, podemos dirimir o calado de certas accións, adaptándoas ao futuro e expectativas dos novos grupos de influencia que continuarán un ciclo que pode chegar a desestabilizar o sistema como resultado dun reequilibrio no pacto social e na negociación dos novos paradigmas da sociedade moderna, aportando certas marxes de actuación que poden ser positivos ou negativos en función da actuación das partes.

Malia todo, a crise segue a ser valorada como unha situación de perigo estratéxico dificilmente mensurable antes da súa detonación, pola súa inminencia e a limitación nas marxes de actuación de cara a solventar o proceso crítico.

O avance cara a estrutura

Superada a incertidume primaria e de reacción perante os posibles motivos de conflito e aumentados os ámbitos de poder por parte dos organismos dirixentes no que a capacidade de control se refire, poderase comezar a falar de capacidade para obrar activamente na valoración da mesma e na súa prevención.

A fin de dar resposta aos fenómenos de conflito existentes, acentuados co crecemento do ámbito de difusión da mesma, vaise facer necesario unha especial atención naqueles organismos que representan de forma máis clara a mutable natureza da sociedade como o goberno, que non busca tan só dar solución á crise senón enxendrar toda unha serie de efectos positivos baseados no recoñecemento da súa pragse.

Esta apertura aos elementos próximos ao conflito xurdida co aumento das canles de información e da constitución dun público estable, ten suposto un cambio na mentalidade social con respecto ao coñecemento de aqueles sucesos que poden ser susceptibles de interese; de tal xeito que coa maior comunicación e o maior número de canles o individuo ten visto medrar o conxunto de situacións de risco,

Dende finais do século XIX e comezos do XX a Ciencia Política e a Socioloxía, establecen a crise como unha falla de gobernabilidade ou dos valores nos que se apoia a sociedade, se pon de manifesto así, a inestabilidade da organización fronte a posibles acontecementos que ameacen os seus obxectivos prioritarios.

Así, a crise defínese *como o acontecemento que sorprende ao individuo e no que se restrinxe o tempo dispoñible para dar unha resposta á ameaza concreta dos seus obxectivos* Hermann (1968 e 1972), o que pon de manifesto a diferenza entre crises e polo tanto o deseño no modelo de xestión.

É a valorización da propia imaxe e a democratización da maioría dos espazos de relación social, o que determina a importancia na percepción por parte dos públicos¹⁶ nun ámbito determinado.

Tal é o grao de importancia que se lle confire a esta imaxe, que se plantexa polo tanto un “tratamento preventivo” a fin de evitar a chegada ao colapso e o caos. Esta visión contraposta a anterior, implica unha toma de conciencia previa á crise na que sexan tidos en conta todos aqueles fenómenos que limiten os intereses ou actividades dun organismo concreto.

Este modelo de xestión baseado nun moderno sistema de organización onde a estruturación e o patrón de comportamento teñen unha marca propia, vai polo tanto estar fundamentado no coñecemento das armas adecuadas para a asunción da situación de perigo e a creación dunha resposta centrada en aminorar os riscos a través do coñecemento da xestión da mesma, dos efectos dun posible estalido e agudización do conflito para manter a imaxe como parte básica á saída da crise.

Cimentar a citada imaxe sobre unha base sólida, vai permitir un maior dominio da información, unha maior credibilidade e en fin derradeiro unha maior capacidade de superación perante a crise.

O que se pretende é entón estar preparado para illar o xurdimento das tensións na realidade existente, evitando a asociación a un sentimento de eficiencia e trastorno, mentres que se busca unha solución. Esta nova visión, ten xerado unha nova forma de actuar, máis aló da persuasión ou o marketing e na que honestidade e a transparencia son factores tremendamente importantes á hora de poder manexar a situación técnica sen causar maiores contratempos para a organización.

¹⁶ As formas de difusión modernas e multitudinarias ten dado lugar a grupos sociais con semellanzas e pensamentos compartidos cuxa influencia ten medrado ao longo do tempo como forma de expresión da vontade propia moitas veces asimilada a vontade popular pola influencia principios dos mesmos.

Desta realidade vai partir a capacidade de comprender, xestionar ou observar a vida dunha organización, valorando o modelo de xestión como un proceso sometido á renovación permanente e a configuración de novas estratexias en función da realidade, na que a crise supón un permanente risco como espazo in-negable da mesma.

A relatividade da crise e o modelo de conduta

Esta renovación permanente de cara á confección dun novo paradigma de xestión, vai ter no século XXI un estadio máis complexo como resultado do avance na faceta da organización para o ser humano.

Xa que en base a unha redefinición dos modelos ríxidos ou sistémicos, tense creado unha nova capacidade para establecer a relación entre a organización e o medio, limitando así a capacidade de anticipación establecido polas políticas de prevención ou previsión. Así o novo marco relacional, establece toda unha serie de interlocutores para os cales os procesos internos de avaliación de riscos e políticas de previsión, resultan pouco esclarecedores na súa relación cun proceso crítico.

A comercialización do modelo social e a popularización e extensión das novas pautas comunicacións, teñen introducido ás organizacións nun compendio de perspectivas subxectivas na que os efectos e derivacións do proceso crítico teñen deixado de ser predecibles¹⁷.

É dicir, que o só feito de traballar con modelos estándar, pode lastrar as estratexias de solución, xa que estes poden impedir novas aproximacións á realidade e ao rol que debe xogar o xestor nunha situación de perigo ou exposición constante a riscos.

Esta nova configuración das estruturas mentais, vai traer asociada una bifurcación dos obxectivos e das súas posibilidades en función dunha corrente externa que amplía o corpus teórico da xestión de crise e que avanza no paradigma de prevención, fomentando un papel activo e responsable no que non só se debe

¹⁷ A expansión dos medios de comunicación como xeradores de opinión e as diferentes correntes orixinadas por unha sociedade da comunicación máis difusa, teñen convertido ás reaccións en feitos tremendamente complexos e inesperados. (TARDE 1986)

prestar atención ao principio xerador, senón á capacidade evolutiva do mesmo como fenómeno non illado.

Isto ven presentar polo tanto un panorama distinto no que se abandona a actitude positiva representada na historia antiga, na que a crise era moito máis positiva do que resulta na actualidade e na que a simple decisión dos deuses era suficiente para transformala ou facela desaparecer de forma máis ou menos sutil.

A xestión de crise

Malia que relativas, as consecuencias dun proceso crítico seguen configurando unha situación de perigo real para o ente implicado, de tal maneira que a preparación ou o manexo axeitado do desenvolvemento da crise pode mitigar a relevancia da mesma como ameaza percibida ao seu entorno.

Así non é a evitación do fenómeno traumático o único obxectivo da xestión, nin tan sequera o mantemento do equilibrio anterior a situación de conflito, senón reforzar as actitudes grupais a fin de que se poda evitar unha fragmentación social que anule o espazo do organismo na mente do público.

A relevancia polo tanto da preparación e o manexo dos planos específicos de continxencia perante a crise, deben servir para marcar as vías de actuación sobre o problema, e en todo caso facer fronte ao debilitamento da imaxe ou a percepción que de esta se teña no seu entorno.

É dicir que o termo crise establece tanto o pasado como o que está por vir, o que a estableceu como unha metáfora da medicina nas ciencias sociais, someténdoa a unha acepción específica para centralo nun principio negativo que mantivo a seu significado ate o século XX, cando recupera a dobre vertente na que o resultado vai depender do tipo de feedback que resulte dun feito ou suceso; podendo establecer se se está a tratar cunha ameaza ou un cambio positivo, malia que incidindo no punto de vista negativo para empregar o termo crise.

A Comunicación como elemento do plano de actuación.

A comunicación como parte importante da sociedade do coñecemento e da propia sociedade da información constitúe un dos piares básicos na actuación das organizacións para o control de situacións de risco ou crise, así as modernas teorías de xestión, van mostrar un cambio no paradigma empresarial, social e comunicacional; xa que son as propias organizacións como principais defensoras dos seus intereses as que configuren a súa propia información dende o periodismo de fonte.

É dicir que en base á necesidade de comunicar aos seus públicos obxectivos¹⁸, é a propia organización a que facilita a información concernente ao seu funcionamento e ás demandas da sociedade. Polo tanto, a presión por parte tanto dos públicos obxectivos como polo público en xeral, vai determinar a labor comunicacional da organización á hora de facilitar o traballo de previsión e xestión de crise.

O marketing empresarial e a comunicación no marco da xestión

Nas orixes da comunicación organizacional anos 20 e 30, a propaganda facía esta labor de xestión da opinión pública con respecto a un organismo ou produto determinado, xa que esta, viña establecer unha máis adecuada preparación fronte a crise e as acusacións públicas nas que se pode ver envolta unha organización.

Esta perspectiva propagandística que posteriormente foi ligada á escola das relacións públicas¹⁹ dos anos oitenta, ten establecido un novo paradigma de comunicación centrado na estratexia proactiva e unha comunicación simétrica que evite o efecto dos xuízos públicos, evitando así futuros conflitos que hipotequen a capacidade de acción da organización.

Así é como se comeza dar preponderancia á *cultura organizacional*, froito do desenrolo adaptativo externo e a necesidade de integración interna para facer fronte ao cambio producido no entorno e na imaxe, una imaxe que permitirá fixar as percepcións dos público amais de supoñer unha perfecta organización das tarefas e responsabilidades.

Interiorízase polo tanto a vertente integrada da organización como xeradora de valor e imaxe tanto interna como externa, o que supera o ate agora establecido polas políticas de relacións públicas e converte á empresa nun organismo vivo de desenrolo adaptativo que é capaz de xestionar de forma integrada cada unha das súas relacións, xerando un clima de fluidez que reduce o perigo de

¹⁸ A formación da opinión e o dinamismo do mesmo como fonte de agrupación en torno ao comportamento ou pensamento social, convirte aos stakeholders en actores activos na configuración dos valores e das decisións organizacionais.

¹⁹ Realízase unha comunicación de marca baseada na difusión da imaxe corporativa como capital intanxible fronte danos xeralmente externos e debidos a factores de competencia. (XIFRA.J 2009)

sufrir crises que prexudiquen claramente a súa imaxe fronte a opinión pública.

Para establecer dito dominio comunicacional, as organizacións deben tomar conciencia da xestión dos seus intereses e de como estes repercuten no medio relacional da mesma, só dende esta perspectiva, serán capaces de crear a súa propia información partindo dos seus intereses e exercendo o periodismo de fonte²⁰.

É dicir que en base á necesidade de comunicar aos seus públicos obxectivos, é a propia organización a que facilita a información concernente ao seu funcionamento en virtude da presión exercida por parte tanto dos mesmos, como polo público en xeral.

A maior transparencia informativa e o cambio na mentalidade social con respecto ao coñecemento daqueles sucesos que poden ser susceptibles de interese, teñen producido un efecto moi relevante na concepción do risco, ate o punto de facer máis estrita a visión do individuo con respecto a un produto ou xestión.

Esta nova visión, ten dado lugar a unha nova forma de comunicación máis aló da persuasión ou o marketing, nesta seleccionase de forma premeditada a mensaxe en función das audiencias ou o público ao que vai encamiñado, tendendo de forma notoria a unha maior transparencia e credibilidade ante a sociedade.

Esta necesidade de comunicar, derivada da exposición case permanente á que se someten as organizacións, fai imprescindible unha comunicación transparente e fluída tanto cos seus públicos como co resto de entes implicados tanto externa como internamente, permitindo un modelo de xestión global.

²⁰ A vulnerabilidade da organización e da imaxe derivada da súa filosofía como entidade, vai implicar a posta en marcha dunha comunicación directa e colaborativa que guíe o proceso de exposición mediática cara principios organizacionais recoñecibles (BARTON 1993)

A necesidade de este sistema global no que a comunicación esta orientada a diminuír o risco de sufrir tensións ou crises, vai ser o resultado dunha potencial exposición no que calquera elemento incontrolado, pode ser susceptible de poñer en xaque o modelo de xestión imperante.

A mensaxe como valor organizacional

A xestión da comunicación neste marco potencial de crise, pode supoñer a fin dunha xestión ou un encauzamento positivo e reposicionamento da imaxe. Foi para protexer esta imaxe, para o que se deseña un modelo de comunicación distinto ao publicitario e ao marketing que tenta transmitir a identidade corporativa e a súa responsabilidade social, de tal xeito *que pasa ser unha forma de transmisión da imaxe que supera os antigos paradigmas do periodismo*, a comunicación audiovisual e a publicidade; inoperativos na nova realidade comunicativa actual.

É dicir, que a sociedade actual, ten abocado ás institucións a unha comunicación aplicada e real co fin de resolver problemas concretos e cotiás.

En base a isto, debese ter en conta o mapa de públicos existentes cuxas características e intereses van determinar o modo de levar a cabo a difusión da mensaxe.

- Interna: integración de tódolos membros da organización na comunicación como forma de dar garantía da veracidade da mensaxe transmitida.
- Externa: Campañas publicitarias e institucionais nas que se enmarcan as accións de posta en marcha dos intereses da organización.
- Comunicación Intermedia para aqueles públicos que quedan fóra dos anteriores e que son considerados como Stakeholders a través da prensa, da cidadanía, dos colectivos marxidados e que non están absolutamente fóra da influencia da organización.

Así polo tanto, a fin de garantir a adaptación á situación imperante, a organización debe establecer unha comunicación estratéxica que lle permita conseguir o obxectivo desexado.

Tendo en conta a importancia da preparación para situacións de crise e da xestión proactiva da mesma, a mensaxe e a estratexia de transmisión ha ser materializada nun plano de comunicación que ofrecerá o debuxo completo das diferentes estratexias comunicativas, tendo claros os principios básicos que interesa transmitir.

De tal xeito, a mensaxe debe de ser transmitida dende dentro cara fóra, convertendo á organización nunha sorte xeradora de información na que a comunicación este próxima ao periodismo de fonte, xestionado para que podan chegar ás canles formais dando cobertura a súa mensaxe, e polo tanto dotándoa da súa razón final, a interpretación dun xeito positivo por parte do público obxectivo.

Este adecuado emprego das canles precisas aos intereses organizacionais, pode dar lugar a unha creación de opinión sintetizada e diseminada polo público, o que no caso analizado (a catástrofe de Bens no ano 1996) parece ter impedido reaccións adversas contra a administración responsable máis próxima, focalizando a actitude crítica no ministerio de Medio Ambiente.

Preséntanse polo tanto, organizacións fortemente estruturadas dende o punto de vista funcional, o que as converte en máquinas perfectamente engraxadas á hora de xestionar a súa actividade delimitando os obxectivos da organización como parte da súa cultura e principios, o que fai das mesmas un ente integrado preparado para unha toma de decisións proactivas.

A pesar de que no caso de estudo tómasse a administración pública como referente, e que esta pola súa situación mediática é tremendamente susceptible ao padecemento de conflitos, a xestión comunicativa, segue a posuír as mesmas actitudes efectivas que as grandes organizacións privadas para as que foron deseñadas.

Neste caso, postulase como a experiencia pode determinar un relativo éxito comunicativo evitando a maior gravidade da crise, desviando a atención e danando en menor medida a imaxe da organización.

Mais para analizar o comportamento da organización e como evoluciona a súa imaxe ao longo da crise, débese ter en conta que ao igual que a organización, a crise é un organismo vivo que pasa por toda unha serie de fases, nas que a actuación é fundamental á hora de saber xestionar o comportamento de ambas.

O ciclo de vida da crise polo tanto avanza polas seguintes fases:

1. Nacemento
2. Desenrolo
3. Madurez
4. Declive

Marcando por extensión as fases ás que debe facer fronte a organización, tamén establecidas como *precrise*, *crise*, *postcrise*²¹ (Paniagua 2005) nas cales se poden observar os distintos modos de actuación. Tendo en conta que a *proactividade*, viría marcada por un coñecemento exacto dos posible marcos de influencia negativa que rodean á organización e á planificación para evitar que estes inflúan negativamente sobre a mesma, debe haber un criterio de vixilancia e experiencia que retroalimente as posibles accións a ter en conta no período de crise ou madurez.

Amais das tarefas de xestión o peche da crise, e polo tanto dos seus efectos gravosos vai depender da acción ou xestión dos implicados e de toda unha serie de variables alleas á organización.

²¹ Esta catalogación que limita en demasía o proceso de xestión, expresa de modo lóxico as fases da crise como fenómeno, tendo en conta que permite a abordaxe da sintomatoloxía, as repercusións e o desencadéante.

É dicir, que malia existir unha actividade proactiva, o resultado da actuación organizacional pode non ser o agardado e ter unha resposta defectuosa ou incorrecta. Dende este punto de vista, o carácter inesperado, pode dar lugar a unha actuación tardía e pouco relevante sobre o núcleo do problema, o que inflúe notablemente na evolución da mesma.

O caso do vertedoiro de Bens

A comunicación e a imaxe polo tanto constitúen un elemento fundamental no caso de estudo, pois a predominancia dos actores políticos e a súa capacidade para centrar a atención dos medios, lles atribúe as administracións públicas un papel preferente no estudo da xestión de crise e o sitúa ben perto da disciplina periodística como un instrumento para garantir a lexitimidade institucional e preservar a identidade colectiva; permitindo establecer unha certa lexitimidade ao comportamento do xestor.

É por isto, que significa tanto a imaxe da administración como representante institucional dos intereses colectivos e da cultura que vai marcar a identidade da Coruña como tal. De ahí, que sexa tan importante a comunicación como forma proactiva de transmisión dos ideais principais nos que se basea a xestión municipal.

Faise polo tanto preciso para as organizacións xa sexan públicas ou privadas, ter un plano de comunicación no que se destaque a importancia da difusión de información veraz e a apertura cara aos medios de comunicación, de tal xeito que estes sexan amais de informantes, os transmisores da mensaxe institucionalmente creada, evitando así conxecturas e rumores de calquera tipo.

Esta teorización, amais de permitir unha modelización do discurso debido as posibilidades establecidas pola metodoloxía de fonte, vai permitir unha canalización tanto das accións tomadas como da información que se quere transmitir.

No caso no que nos ocupa, a xestión mediática por parte da corporación de goberno da cidade da Coruña, deu lugar a un reposicionamento da imaxe, no que a figura da cidade e o alcalde saíron positivamente reforzadas.

Plantexamentos básicos

A análise do caso do vertedoiro de Bens na cidade da Coruña, ten como obxectivo avaliar tanto o marco da crise como a súa xestión no eido da comunicación e da xestión dos recursos á disposición do organismo afectado, que neste caso ten sido a corporación municipal.

A cantidade de circunstancias de risco e a exposición de certas organizacións fan pertinente un aporte teórico que aune o marketing, comunicación institucional e comercial e responsabilidade social como resultado da labor pública.

En base aos devanditos plantexamentos, tentarase determinar a corrección na xestión de crise por parte da corporación municipal do concello da Coruña no desplome do vertedoiro de Bens²² e a adecuación dos resultados en base á resposta social ocasionada. Para isto, realizarase unha aproximación teórica á xestión de crise no ámbito privado, as relacións públicas o marketing e a comunicación integral, para así visualizar os principios básicos da xestión de crise no contexto organizacional.

O encauzamento da opinión pública e da conduta colectiva, vai determinar o proceso de evolución da crise como ser vivo e vai permitir toda unha serie de resultados ou actitudes nas que en gran maneira, o público obxectivo vai ser o maior indicador da latencia ou non do conflito.

Así polo tanto, partimos do proceso de decisión tomada pola corporación municipal da Coruña e o seu gabinete de crise, para considerar o estado da xestión dos RSU e a repercusión que esta ten para o groso da poboación afectada.

Téntase polo tanto, valorar o grao de eficacia acadado polas decisións da administración á hora de afastar a sensación de risco inmediato nunha poboación sometida á presión dunha catástrofe tanto a nivel ambiental e político como comunicacional²³.

De ahí, a importancia dunha correcta xestión práctica e mediática á hora de

²² Desplome de 200.000 m³ de RSU no vertedoiro ao aire libre da cidade da Coruña o día 10 de setembro de 1996.

²³ Xa que logo a configuración da opinión con respecto ao sucedido, vai a ser un indicador efectivo da dimensión acadada pola traxedia e da repercusión sobre o público da cidade da Coruña.

aproveitar a repercusión social e política como arma de recepción e prevención fronte o agravamento da crise.

A relevancia da administración pública

En todo caso as Administracións Públicas como organismos encargados da satisfacción dos intereses xerais, deben ser conscientes da repercusión das súas accións, xa que en termo último, estas deben ser un garante tanto da prestación dos servizos como do xeito no que se prestan²⁴. É dicir, que se todo organismo está enfocado ao cumprimento duns requisitos básicos de cara ao cliente e á evitación do conflito de intereses, estas son obxectos claramente susceptibles de crítica e polo tanto de establecer toda unha serie de límites ás accións non desexables.

Non embargantes o xurdimento de modelos máis competitivos e os imperativos da sociedade, teñen aberto as portas da prestación dos servizos públicos a un modelo de estímulo da competitividade, que amais de facer o mercado notablemente máis flexible, ten dado lugar a un marco de posibles eidos de conflito que anteriormente non era alleo aos organismos públicos, pero que debido ao cambio das regras do xogo social e económico, convirte neste caso ao Concello de A Coruña, nun ente desprovisto dos elementos de responsabilidade suficientes como para respostar de forma clara perante a cidadanía que demanda unha maior gobernanza²⁵ e participación en temas que lle resultan especialmente relevantes.

Así polo tanto, o xurdimento de conflitos ou efectos perversos, débese en gran medida ao *alto nivel de exposición e ás posicións asumidas pola administración en canto aos límites marcados no modelo xerencial*, un modelo, que ten transitado dende unha rixidez excesiva a unha política liberalizadora que ten dotado á mesma de maior transparencia pero que ao mesmo tempo a expón aos riscos derivados da apertura ao mercado.

²⁴ Xa que a prestación de servizos, está sometido a parámetros de lexitimación da resposta ás necesidades da poboación baseadas nunha xestión eficaz e respaldada dende o punto de vista da orientación ao servizo público e a responsabilidade (accountability).

²⁵ A gobernanza establecida como maior democratización das medidas gobernativas con respecto ao interese xeral.

Os procesos de liberalización de determinados servizos como resultado das necesidades na prestación dos mesmos, ten tamén exposto a súa implementación a condicións de mercado asociadas a unha maior competitividade e redución de gastos por parte de empresas privadas. Este sometemento ás regras de mercado, pode provocar unha perda dos valores que se lle supón á administración pública como representante da vontade popular. Isto, unido á diminución da calidade, pode debilitar os vellos patróns de responsabilidade cívica, da que por extensión ao individuo era depositaria a administración.

Amais, o imperativo da proximidade á hora de prestar os servizos ten dado lugar a unha desagregación e subdivisión en departamentos e subdepartamentos que poden ser analizadas como se de organizacións con entidade propia se trataran, o que pode dar lugar a unha responsabilidade diferida que crea un sentimento de falsa seguridade perante un mundo con cada vez máis riscos.

Malia todo, como indican Gulich y Urwich, este tipo de organización *son entidades sociais coas súas ideoloxías e os seus parámetros culturais*, o que eles denominan ámbito “político-cultural” no que se entrelazan as relacións políticas e sociais de toda a comunidade que o compón, en certo modo froito da racionalidade instrumental do individuo, que o leva a establecer as solucións máis satisfactorias, o cal o limita nos procesos decisionales organizativos nos que a burocracia, lastra a toma de decisións relentizándoas e bloqueándoas debido á inadaptación aos cambios do entorno.

Se ben é certo, a tendencia a adaptación, ás contingencias e ao entorno crean toda unha serie de interdependencias, nas que a organización interactúa cos seus públicos obxectivos nas súas diversas vertentes, o que se ten convertido no concepto central das relacións interorganizativas en busca do bo goberno.

Emerxencia e resposta

Establecidas as dificultades da administración pública como organización e postulados os diferentes modelos de interpretación e catalogación de casos de crise, vaise tentar ao longo deste ensaio, establecer un patrón de conduta á hora de tratar un accidente específico como o sucedido na cidade da Coruña o 10 de setembro de 1996.

Para a análise da situación de crise que nos atinxe, imos partir da fase de emerxencia²⁶, pola súa gran semellanza a efectos técnicos e metodolóxicos, especialmente na administración pública debido en gran parte a susceptibilidade das mesmas a incorrer en situacións gravosas para a súa imaxe como resultado da súa exposición aos suxeitos afectados e a súa audiencia. A administración pública polo tanto, vese na obriga a xestionar de un *modo proactivo* e coñecer de modo efectivo os seus puntos fracos, á hora de establecer unha mecánica eficaz de transmisión de información para mellorar a súa posición perante a crise.

Polo tanto, o órgano de goberno dunha organización como é a administración pública, debe tentar estar preparada para evitar o xurdimento de problemas, que poden sobrevir nun conflito capaz de poñer en dúbida o seu sistema de xestión.

No caso do derrubo do vertedoiro de Bens, sería importante ter en conta o establecemento de controis periódicos ou a transparencia na toma de decisións implicadas, como por exemplo a concesión do servizo a unha determinada empresa.

De non controlar estas posibles problemáticas implícitas a calquera proceso de xestión, pódese dar lugar a unha situación de conflito, que ameace a relación da organización cos públicos obxectivo, desembocando como ten sucedido nun proceso de crise.

Este proceso de crise polo tanto, ten dado lugar á necesidade dunha xestión

²⁶ Establecido como o proceso no que se pasa da ausencia de crise (Ritter 1996) en (GONZÁLEZ HERRERO. A. 1998) aos primeiros indicios da mesma como fenómeno detonante da agudización das relacións entre xestor e público.

cuxo fin derradeiro, é minimizar de forma áxil e intelixente os efectos negativos para a organización e coñecer a raíz do problema; malia que estes sexan producidos de forma accidental e inmediata froito da influencia externa.

- Terremotos
- Escorreitas
- Lixiviados

Malia todo, a capacidade de reacción nunha situación de crise agardada ou non, vai servir para reducir a ameaza á seguridade das organizacións, da súa imaxe e das persoas implicadas neste caso.

Fallos na preparación

A existencia de precedentes de importancia como o Caso do Mar Exeo²⁷ e outros de menor repercusión mediática pero máis relevantes ao estudo, como o incendio do vertedoiro no ano 1993 durante a celebración do torneo futbolístico Teresa Herrera, deberon poñer sobre aviso ao concello, permitíndolle apreciar as posibles consecuencias dun accidente de maior calado.

De tódolos xeitos, semella non se ter considerado demasiado á hora de actuar no derrubo do vertedoiro de Bens no ano 1996 e na súa xestión e control anterior, o que marca o carácter sobrevivido e a lasitude previa na fase de precrise, así como a detección dun fenómeno latente e perigoso para a os organismos implicados.

Malia todo, parece establecerse a tempo un discurso coherente a fin de preservar a imaxe da cidade; amais de ter desenrolado un correcto control das canles de información, o que nos permite salientar a existencia dun plano de comunicación que logra proxectar a imaxe de resposta a través dun novo postulado na xestión dos RSU, permitindo contraponer o modelo en crise con este e co modelo institucional.

Así, a pesar da incertidume inicial que coincide coa Alcaldía en funcións de

²⁷ Naufraxio do petroleiro Mar Exeo a madrugada do 3 de Decembro de 1992, o barco, con destino a planta de Repsol en Arteixo, desencadeou unha grande alarma social e ambiental a escasos kilometros do centro da cidade.

Javier Losada como Primeiro Tenente de Alcalde, téñense empregado de forma efectiva as relacións cos medios e cos grupos interesados, o que ten reforzado a acción do comité de emerxencia municipal e o papel de Francisco Vázquez Vázquez como portavoz e Alcalde do concello da Coruña.

Malia que nas organizacións privadas, non é conveniente que o máximo responsable actúe como portavoz da xestión de crise; no ruído político, a intervención e asunción de responsabilidades por parte do máximo mandatario, ten reportado importantes e positivos resultados en canto ao éxito da xestión. Neste caso, vai permitir unha comparación con outras situacións e xestións como pode ser a do Prestige, no que os máximos responsables²⁸, estiveron desaparecidos practicamente durante a duración da crise e non afrontaron a realidade tal e como se estaba a presentar.

Dende a perspectiva proactiva, poderíamos dicir que se chegou de forma efectiva aos medios cunha información veraz e regular evitando así a influencia de fontes non oficiais, amais de xogar un papel notable na relación co público afectado e dar lugar a unha pronta solución para a volta á normalidade dos veciños e estabilización das relacións cos grupos de presión ecoloxistas; que teñen aceptado a posta en marcha dun proxecto común.

De tal xeito, o establecemento áxil dun comité de xestión e a priorización de obxectivos; vai propiciar unha mellor solución aos problemas xerados pola crise.

É dicir, que a situación do vertedoiro de Bens que inicialmente se plantexa como o efecto dunha xestión ineficiente e negligente por parte dos encargados do control da súa actividade, chega a través dunha correcta xestión informativa, a presentarse como un fenómeno controlado ao que se está a dar resposta tanto de forma práctica como comunicacional. Informase aos veciños para evitar outras vías de comunicación, establecece unha asunción do problema por parte do Concello e ábrese as liñas á trazabilidade dunha estratexia de xestión eficaz.

²⁸ A evasión do máximo responsable pode supoñer unha sensación de desapego ou falta de responsabilidade por parte dos xestores democraticamente elixidos (BARREIRO RIVAS 2003).

Neste caso, a pretendida declaración de zona catastrófica, o cambio no modelo de xestión de residuos e a posta en valor da conciencia medioambiental como arma de ataque fronte o resto de administracións superiores, vai dar lugar a unha produción informativa positiva, fronte o negativo do desastre no que se teñen visto inmersos.

Polo tanto, malia que reactiva²⁹, a acción comunicativa do concello ten respondado correctamente no seu plantexamento da crise provocada polo derrube do vertedoiro como un resultado esóxeno e imprevisible, no que teñen influído de forma definitiva os factores ambientais, eludindo en calquera dos casos a situación de abandono e o carácter incontrolado do mesmo.

Esta identificación da catástrofe como fenómeno incontrolado, permite sentar unha certa base de actuación ao comité de crise constituído por Francisco Vázquez Vázquez, que toma nota do éxito conseguido polo comité de crise de Repsol na catástrofe do Mar Exeo no ano 1992, no que se plantexa como detonante unha situación meteorolóxica adversa, para presentar ao xestor como un ente fiable e afanado na solución da problemática desatada.

Esta experiencia, pon de manifesto unha actuación que malia non ser aplicable pola mutabilidade dos casos de crise, si serve de apoio para a difusión da información e o control das situacións de alarmismo e resposta social, o que a converte nun modelo de xestión veraz, feaciente e áxil por parte da administración, sen establecer ningún tipo de emerxencia social.

Obviase polo tanto por parte do concello da Coruña a perspectiva histórica do vertedoiro, calificado como descontrolado por parte de técnicos especializados da UDC, que advirten da perigosidade das condicións do mesmo así como das graves consecuencias que podería ocasionar ao medio ambiente.

Evádese tamén, a responsabilidade do concello na concesión da adxudicación en termos pouco claros á empresa concesionaria FERROGASA, así como a

²⁹ Malia que o aspecto reactivo constitúe un feito inevitable dentro dun suceso impredecible como pode ser o derrube de 200.000 m³ de RSU sobre as vivendas dun dos barrios da periferia, debemos ter en conta que a falla na vixilancia e a inexistencia dun plan alternativo, ten dado lugar a unha base de incertidume que podería ter sido evitable debido ao sobrevindo do fenómeno.

violación dos parámetros de seguridade e tratamento que por parte da mesma se estaba a levar a cabo.

A inmediata posta ao traballo e a capacidade de absorción mediática das medidas asumidas, permiten en certo modo obviar o papel dunha vítima mortal, do desaloxo e os problemas de convivencia entre os veciños e os incendios previos como meras anécdotas informativas, o que ten suposto un gran paso de cara á mellora na xestión do problema.

O detonante da catástrofe

A perspectiva de risco actual, influenciada pola relación do ser humano co medio no que habita e vinculada á aparición dun modelo comunicativo de raíz viral, con multiplicidade de conexións interparietais de carácter informal, sitúa a labor proactiva no centro do paradigma de xestión.

Así, unha xestión dos residuos correctamente realizada, non tería sido portada nos medios, mais coma se pode apreciar un problema como o que se estuda, ocupa rapidamente un papel predominante na información e no ideario colectivo, o que pode poñer en xaque a credibilidade dun modelo de xestión solvente ao longo dun amplo período de tempo.

Esta situación de exposición mediática, obriga a un maior control das sensacións transmitidas, xa que será polas mesmas, polas que fiquen reflectido na mente dos seus públicos obxectivos; de tal modo que o máis aconsellable, é seguir unha política de comunicación constante que vaia dando conta dos resultados das políticas executadas en cada momento e que vaia sentando a base dun posible plano de comunicación en fases de crise.

Esta comunicación constante, vai permitir minimizar as consecuencias e o alcance dos sucesos negativos no momento en que estes o sitúen como obxectivo prioritario e visible da información e da súa audiencia.

O aumento excesivo de residuos e as condicións meteorolóxicas adversas producidas nos meses anteriores á catástrofe, xunto cunha posible negligencia por parte das autoridades, ten producido unha posta de manifesto da problemática latente e larvada³⁰ na xestión dos RSU.

É dicir que pola súa natureza, a xestión das basuras no concello da Coruña permanece alleo ao interese público; máis é o detonante accidental o que o converte en motivo de interese e o transforma automaticamente nun problema para os encargados da súa xestión. Creando amais, uns efectos adversos sobre a propia imaxe da cidade e replantexando xa non a idoneidade do vertedoi-

³⁰ A falta de vixilancia e a situación de descontrol a que esta sometido o vertedoiro ten dado lugar a un fenómeno predecible como o que se desencadea o 10 de Setembro de 1996.

ro a ceo aberto, senón que se configura un debate sobre o modelo medioambiental e as repercusións futuras do mesmo.

O entorno da Crise

O concello da Coruña convertese no principal afectado polo papel levado a cabo durante anos nun vertedoiro claramente incontrolado, o que ten dado lugar a unha crise comparable á causada anos atrás polo Mar Exeo.

Coa diferenza de que esta vez, ten afectado por partida dupla á administración local, que debe encargarse tanto da problemática xerada polos danos persoais como polos danos xerados na súa imaxe.

- Danos persoais e Materiais: Desaparición e morte dun home no seu domicilio, sepultamento dun barrio da cidade.
- Danos na imaxe: confrontación entre o ente xestor e os seus públicos obxectivos, habitantes do barrio, cidadáns, ecoloxistas.

Amais unha problemática engadida é que a accidentalidade do fenómeno como crise, vense xestando tempo atrás, podendo polo tanto descartar cargas externas, pois é responsabilidade da administración o ter dado lugar a unha falta de control e delegación que desencadeou como elemento central no derrubo do vertedoiro e a morte dun cidadán.

Esta situación, aboca á administración a unha estratexia reactiva, na que se apela por defecto, a unha labor pouco estudada dos posibles problemas de salubridade que pode implicar un depósito destas características.

Como se ten reflectido, se tiñan posto de manifesto as deficiencias técnicas por parte dos expertos da UDC, os signos de falta e control co incendio do ano 1993 e o estraño comportamento no proceso de renovación de FERROGASA como empresa xestora, esta situación prolóngase o suficiente como para verse implicado nunha nova situación de crise no vertedoiro coruñés, aumentando pois os efectos perniciosos para os que non se teñen tomado ningún tipo de solución nin por parte da empresa adxudicataria, nin por parte do concello, que non asume a súa responsabilidade nin as posibles implicacións.

A situación, presenta unha realidade na que os sinais de detección temperá foron ignoradas³¹, a preparación foi ineficaz se é que existía (non segundo a catalogación feita posterior a ano 1994 pola Xunta no que se establece como vertedoiro incontrolado), isto sitúanos directamente na contención de danos, unha contención, que pola forma de manifestarse a crise, ten un carácter reactivo que vai marcar a evolución dos feitos.

É dicir, tardase en establecer unha visualización das medidas, xa que non é ate o día 11 que se establecen as medidas de precaución por medo a novos accidentes. O cal deixa ver, como a decisión de demandar a axuda do goberno central, condiciona as accións levadas a cabo polo concello; o que dá a impresión de non ter establecido un correcto análise dos stakeholders ou un coñecemento profundo das causas que poden influenciar nesta crise, que pode ser plantexada como un compendio de factores tecnolóxicos, organizacionais, humanos culturais e emocionais.

Así, o concello desenrola unha actuación centrada máis na contención de danos que na prevención, o que ven demostrar a importancia da capacidade comunicativa para mitigar os efectos perversos da crise, malia que esta, esté fundamentada en comportamentos reactivos, encamiñados á volta á normalidade.

Dende o comezo, apélase ao accidente como consecuencia do derrubo, un *accidente que realmente sucedeu pero ao que afectou de forma clara o estado do vertedoiro*. Un vertedoiro que segundo informes realizados por expertos do estado, reúne as condicións propias dun vertedoiro incontrolado que ten sobrepasado xa a súa vida útil e cuxa infraestrutura é claramente insuficiente.

³¹ Habendo claros indicios de mala xestión ate chegar ao punto de estar encadrado fora da legalidade europea e xerando conflitos como o incendio do 10 de Agosto de 1993, que xera unha nube de fume sobre a cidade. (SOTO CASTIÑEIRA, M. VILAMEÁ, S. CERNA 19 1996)

O deseño do plano de xestión

Como se ten dito, deben pasar unhas horas ate que a xestión vaia tomando un corpo concreto, co paso dos días iranse fixando obxectivos concretos como a declaración de zona catastrófica e o cambio no paradigma de partida para o tratamento e a xestión dos residuos.

Este novo paradigma, vai implicar unha campaña de concienciación e difusión da necesidade dun modelo sostible menos conflictivo que o actual e non enraizado na incineración, un cambio no modelo, que permite á adhesión dos colectivos ecoloxistas e que centra a estratexia na preservación da imaxe medioambiental da cidade fronte ao ministerio de medio ambiente e a Sociedade Galega de Medio Ambiente de xestión autonómica.

Estas medidas, van implicar un posicionamento homoxéneo entre os entes afectados pola crise, dando lugar a un reforzo na imaxe da cidade, propiciada por unha correcta xestión da comunicación, encamiñada a evitar voces autónomas e reactivas contra as medidas levadas a cabo polo concello.

A crise, dende o punto de vista organizacional, centrase nos accidentes ou incidentes graves, afondando nas posibles consecuencias colectivas e na transcendencia dunha boa xestión da información nun tempo limitado e restrinxido³².

En base a esta máxima, vai ser complicado establecer unha formula de carácter xeral, tanto de limitación de consecuencias como na consideración dos públicos afectados e a cuota de imaxe que pode chegar a ser danada.

Tendo en conta que se trata dun tema medioambiental, e que este soe mobilizar grupos de presión concretos, débense establecer toda unha serie de medidas que permitan polo menos un achegamento práctico aos mesmos, de maneira que se poda abarcar ao resto da poboación, afondando nas posibles consecuencias colectivas e na transcendencia dunha boa xestión da información nun tempo limitado e restrinxido.

³² Unha crise afianzase como tal pola relevancia mediática da mesma o que delimita tamén o alcance da mesma. (MITROFF IAN. I 2002).

A xestión non obstante, sitúase en torno á información e vai polo tanto servir como difusor dos feitos no contexto público no que se move o Concello da Coruña, de tal modo que un correcto emprego da mesma a nivel tanto interno como externo, vai marcar a deriva da situación de perigo para a administración.

A comunicación, debe ser canalizada antes de que se desate un baleiro comunicacional derivado do colapso previsible na fase crítica, na que a prioridade, amais de ser a recuperación dos danos causados, debe ser a recuperación da imaxe pública a través da comunicación estratéxica e estruturada; enfocadas a unha linea de actuación concreta, que ten como obxectivo a produción interna de información e o periodismo de fonte como arma de control fronte as posibles derivacións ao conflito.

O perigo, a reactividade e as implicacións para a organización

A crise polo tanto, pon en dúbida o que se daba por suposto e anula a credibilidade da organización de cara aos seus públicos obxectivos; o que neste caso pon ao concello, nunha situación pouco axeitada, xa que pon de manifesto toda unha serie de ineficiencias que a cidadanía descoñecía ou prefería descoñecer, como é o caso dos residuos, a poboación prefire non afrontar a problemática que implica e os posibles efectos que a xestión dos mesmos pode traer aparellada; ate que a través dun *detonante xeralmente accidental*, se produce a realidade e a conflitividade implícita.

É, como reflexo desta accidentalidade potencial, onde radica o intento por recuperar a credibilidade, ben sexa a través dun novo modelo de xestión (recoñecemento dos erros) ou restablecendo a credibilidade coa demostración da non responsabilidade por parte da organización implicada (indicios de manipulación).

No caso do vertedoiro de Bens, lévase a cabo un cambio de paradigma asentado no apoio da masa social; baseado no estudo técnico das posibles alternativas e o rexeite ao modelo establecido polos órganos superiores de xestión.

Isto, dá lugar a un novo modelo máis adecuado as expectativas tanto da cidade como dos grupos de interese, o que ven enmarcado dentro dunha planificación destinada á excelencia medioambiental refutada por unha campaña de concienciación cidadá³³.

A creación do Modelo Nostián, vai permitir unha recuperación da confianza perdida e o establecemento dun novo modelo máis adecuado para a entrada no século XXI dunha cidade, que loita por situarse á vangarda da xestión sostible e que avanza na consecución da Axenda 21 e o cumprimento da Carta de Aalborg³⁴.

Este modelo de xestión, móstranos como se pode saír da crise a través da asunción de certas decisións: *o recoñecemento dun problema de xestión, a asunción do problema, o posicionamento favorable dos grupos de interese e o plantexamento claro de emenda.*

Así dende o grupo de goberno, plantéxase un modelo alternativo ao establecido pola Xunta de Galicia³⁵, cunha inspiración claramente ambientalista e para cuxa implantación solicítase o beneplácito do recen creado Ministerio de Medio Ambiente(1996), ambos de signo contrario ao goberno socialista da cidade herculina.

Este feito, vai ser aproveitado para crear unha corrente de opinión desfavorable a ambos entes, sobre todo ao goberno central, que se nega a tomar accións económicas para a solución de alarma creada na cidade³⁶. Esta situación e unha correcta xestión por parte da figura de Francisco Vázquez e do comité de crise do ente local, recibe un apoio claro tanto dos cidadáns como dos grupos

33 Que en palabras da concelleira de Medio Ambiente da cidade, está baseada na participación activa nas prácticas medioambientais e a recollida selectiva en orixe (*recollida selectiva*), que permite unha mellor integración dos residuos en procesos de reciclaxe, compostaxe e eliminación. CERNA 34 Outono de 2001

34 A cidade da Coruña asinou a Carta de Aalborg e actualmente está dando os primeiros pasos para a elaboración e a posta en práctica da súa propia Axenda 21 Local, centrada na reorientación do proceso educativo cara ao desenvolvemento sostible e o mantemento do medio ambiente integrados nos seus plans de estudo. CERNA 33 Outono de 2001

35 Un modelo unificado de almacenamento e procesado centrado na incineración dos deseños orgánicos e non reciclables e que supón a creación dun vertedoiro con capacidade para 500.000 toneladas e que recibe de media anual unhas 800.000. CERNA 33 Outono de 2001

36 Dende o Ministerio de Medio Ambiente desestimase a declaración de zona catastrófica, e tídase a xestión levada a cabo en Bens de negligente. CERNA 33 Outono de 2001

ecoloxistas, que se mostran especialmente belixerantes co Ministerio de Medio Ambiente que se convirte así no centro das protestas de carácter social.

Este proceso de cambio, móstrase como un proxecto que malia que con custes de forte inversión; vai supoñer unha mellora no benestar dos cidadáns, cunha execucións auspiciada na súa meirande maioría por parte do Estado Español e da Unión Europea, a través do selado e reconversión da zona afectada.

Este peche polo tanto, non podía se non ser observada como unha mellora para a cidadanía, que comeza a cuestionarse claramente o problema de ter un vertedoiro descontrolado como este tan próximo á cidade.

A crise e o proceso de xestión

Vista a situación na que se atopa o concello no momento da eclosión da crise, pódese determinar que se trata dunha situación un tanto precipitada pola accidentalidade do fenómeno; que pon de manifesto a inexistencia dun compromiso organizacional na xestión. Malia que se poden apreciar certos aspectos básicos como é a existencia dun comité de crise cuxa principal figura é o alcalde, e no que se presenta un discurso prudente mais non demasiado elaborado. Vai ser coa chegada do máximo rexedor á cidade, cando se comeza a informar autorizadamente do sucedido; atendendo claro está, a incertidume inicial e a precaución que se ha de ter coa existencia de perdas humanas de por medio.

Amáis prodúcense cambios na información sobre a gravidade da situación, xa que nun primeiro momento é recibida dende o terreo e falase dun pequeno desprendemento que vai ser proximamente reparado. Pola súa contra, días máis tarde informásenos de posibles desprendementos e é aumentando o grao de risco a unha catástrofe medioambiental a altura do sucedido co Mar Exeo; unha mensaxe, que obriga ao alcalde a desprazar ás familias do barrio do Portiño e reclamar a declaración de zona catastrófica por parte do ministerio de medio ambiente, ante o perigo de desprendemento de 800.000 toneladas máis de residuos.

Este cambio no discurso, denota unha falta de previsión ou unha subestimación do sucedido amais de incoherencia nas primeiras declaracións. Unha vez establecida esta nova estratexia, sitúanse como prioridade os traballos de apuntalamiento do lugar para evitar verquidos ao mar e o traslado dos habitantes do barrio do Portiño a un eventual aloxamento, situado no palacio dos deportes da cidade.

Amais, reclamase a axuda económica inmediata por parte do ministerio, unha xogada que segundo veremos, vai ter os seus resultados positivos ao igual que a campaña de Francisco Vázquez a prol dun novo modelo de xestión de residuos para a cidade da Coruña; o que marcará a diferenza da mesma con respecto ao do resto de concellos de Galicia e a futura xestión plantexada pola Xunta a través do modelo incinerador de SOGAMA.

Este posicionamento final, o máis *negativo posible*³⁷ a establecer por parte do concello, é unha das mellores bazas que se poden xogar na xestión dun fenómeno tan impredecible como este. Malia todo, a falta de coherencia coas primeiras declaracións na fase crítica, pode traer asociado certo escepticismo sobre a intención verdadeira de ditas medidas.

Recoñecese o mal estado do vertedoiro, maquillado nun exceso de choiva e nun improbable tremor de terra, o estado do vertedoiro presentaba un déficit técnico e de mantemento que foi detectado, mais non se quixo recoñecer; dando lugar así, a unha asunción de erro na xestión e á presentación dun novo modelo que tentaba abordar as carencias e deficiencias do modelo anterior a través dun plano innovador centrado nos tres R's³⁸, e que se materializa na planta de Nostián.

É dicir, parte dos problemas, poderían ser minimizados en caso de empregar a información de forma adecuada e sincera, evitando fenómenos perniciosos como a especulación e facendo patente a máxima implicación e proactividade na xestión.

³⁷ Establecese unha situación de caso centrada na peor das situacións, o que permite establecer un tratamento preventivo enfocado á declaración de zona catastrófica e ao deseño dunha estratexia centrada na accidentalidade do fenómeno como fase de resposta (Heath).en (GONZÁLEZ HERRERO. A. 1998)

³⁸ Reducir, reciclar e reempregar.

A xestión municipal

A iniciativa do plano Nostián e a capacidade de reacción baseada no coñecemento da zona afectada e o control informativo, así como a cautela por parte dos portavoces do goberno, que se refiren ao suceso como accidente, dará lugar ao deseño das primeiras liñas discursivas e un escenario asentado na peor das situacións. O posible derrubo de 800.000 toneladas máis de residuos, podería traer aparellada unha situación de crise medioambiental equiparable á producida polo petroleiro Mar Exeo no ano 1992.

Esta posibilidade, establece unha situación de *catástrofe* que xa non só fai referencia ao desfavorable asunto da repercusión mediática, senón que se presenta unha situación de *risco manifesto* para a poboación da cidade; o cal crea un efecto de alarma no que a información establecida polo concello, vai marcar a posición positiva ou negativa dos públicos obxectivo.

É dicir, que previa determinación dos factores detonantes do derrubo e unha vez sopesadas as implicacións e responsabilidades dos diferentes entes implicados, tense determinado que todo foi resultado dunha amalgama de procesos de desgaste que teñen provocado o trágico desenlace producido.

Sopesándose entón:

- Unha posible falta de control por parte do concello.
- A situación de verquido incontrolado e carencia de xestión por parte de FERROGASA.
- O dubidoso proceso de licitación do novo contrato para a xestión do vertedoiro de Bens.

Esta determinación no afianzamento do termo *catástrofe*, vai a supoñer a elevación da crise ao nivel da situación de risco tanto para a cidadanía como para os medios encargados de transmitila.

Na transmisión de dita mensaxe por parte do órgano de goberno, vaise establecer case de modo implícito toda unha serie de accións que amais de ser

obvias a nivel operativo, van ter unha transcendencia mediática maior.

- Traballos de contención, desescombro e busca da vítima mortal.
- Evacuación do Barrio do Portiño
- Protestas ecoloxistas.
- Protestas cidadás pola influencia do derrube sobre a calidade do aire.

Toda unha serie de efectos que lonxe de debilitar a acción do goberno da cidade, van dar lugar a unha unificación dos criterios cos grupos de influencia; establecendo así as bases dun novo modelo que evite novas situacións como esta.

Polo tanto, este sentimento de *culpabilidade delegada* entre os cidadáns e o concello e a situación de desamparo ao que se ven sometidas por parte das instancias superiores, vai dar lugar a unha corrente favorable ao plano ideado pola corporación municipal xestionada por Francisco Vázquez; o que vai facer esquecer todas aquelas situacións desfavorables que situaban o escenario como un dos peores panoramas cos que se podería ter atopado a entidade local.

Esta situación de apoio popular, difumina os fallos na loxística producidos no primeiro momento como a non evacuación dos veciños do barrio por razóns sanitarias ou o seu confinamento no pazo municipal dos deportes.

Este posicionamento, resultado da vertente comunicacional, ten situado a corporación municipal e especialmente a Francisco Vázquez, como xestores eficientes na negociación cos axentes públicos e políticos, o que converte ao ministerio no obxecto das iras e das protestas dos cidadáns.

É dicir polo tanto, que a mensaxe elaborada polo comité de crise, foi capaz de ser transmitida eficazmente formando unha opinión pública en base ao dominio das fontes de información tanto dende o punto de vista do control dos medios como da noticia en si, dando lugar a unha audiencia informada.

- ¿Que é o que está pasar e que deu lugar á crise?
- ¿Que se está a facer para solventar a crise?
- ¿ Como se garante a seguridade ante novos desastres da mesma natureza?

Esta estratexia de comunicación, ven mediada en certo modo por toda unha serie de pautas estratexicamente como poden ser:

1. O recoñecemento dos feitos.
2. A comunicación da realidade.
3. A identificación das causas.
4. Localización do alcance do problema.
5. Deseño dun correcto plano de recuperación tras a crise.

A estratexia centrada na *transparencia*, na *apertura* e na *responsabilidade*, a fin de provocar a menor repercusión negativa sobre a opinión pública e evitar a extensión de rumores, pode minimizar o efecto dun fenómeno negativo no caso da catástrofe de bens.

Establecese unha comunicación transparente e responsable, na que rapidamente se fai responsable da xestión da catástrofe, unha responsabilidade, que non vai ser asumida nin pola xunta nin polo ministerio, o que deixa ao concello como único ente implicado na solución do derrubo.

Esta falla de implicación, supón para o concello un bazar a xogar na xestión tanto da comunicación como das accións levadas a cabo para a solución da crise:

- Ponse en marcha un plan de apuntalamento do vertedoiro (que remata no tempo récord de 3 meses) fronte os 6 fixados inicialmente.
- Prodúcese unha fin da fase áxida na que a corporación municipal sae beneficiada.
- Unha vez se constata que non se corre o risco de incorrer de novo no derrubo do vertedoiro, ponse en marcha un plano de rexeneración que conta xa co respaldo dos grupos ecoloxistas.

O peche do vertedoiro comeza a facerse palpable coa consecución dos primeiros achegamentos orzamentarios por parte do concello e da U.E. Isto, vai sentar as bases do futuro recoñecemento por parte da UNESCO, que marca a fin dunha das peores crises que tivo que afrontar a cidadanía da Coruña tras a catástrofe medioambiental do Mar Exeo e a peor experimentada polo órgano local de goberno como xestor.

De tódolos xeitos, no sentido estrito da xestión de crise, evádese o principio de vixilancia que dá lugar a un novo fenómeno de alerta coa explosión dun dos dixestores da recen inaugurada planta de Nostián.

Tense producido malia todo unha certa volta á normalidade e o suceso ten refutado a conciencia de cidade, as críticas ecoloxistas téñense focalizado sobre as instancias superiores de goberno.

Amáis o día 5 de Xuño de 2001, dáse por pechada a crise dende o punto da desaparición dos seus principais detonantes, peche definitivo do vertedoiro, inauguración do parque de bens e respaldo externo co premio internacional outorgado á cidade en recoñecemento da labor na nova xestión dos residuos.

Xestión Operativa da Crise

A pesar das problemáticas presentes na crise do vertedoiro de Bens, a xestión vai ser intelixentemente enfocada para evitar certos núcleos de conflito, deste xeito, conséguese non afondar no número de efectos perniciosos para administración o cal podería ter causado problemas maiores.

- Incendio no palacio dos deportes.
- Enfrontamento entre os desaloxados do barrio do Portiño e a policía local.
- Denuncias públicas de discriminación por parte das familias Xitanas non realoxadas.

En todo caso, o feito de estar perante unha catástrofe atinxente á titularidade pública e na cal as competencias entre administracións se ven a miúdo difuminadas, plantexase por parte do concello o paso a vivendas tuteladas da Xunta ou a Deputación, o que da lugar a unha transferencia do problema. Amais as obras de estabilización do vertedoiro e control de desprendementos prodúcese nun tempo récord e inferior a seis meses, o que permite o realoxo tras a confirmación de fin das obras.

Outro factor resolutivo na solución técnica do problema e que supón unha primeira batalla ganada a crise, é que o control das obras e o novo plano de xestión de RSU dera xa mostras do seu avanzado estado na recepción de Nadal do concello; na que se manifestou a existencia de múltiples proxectos, só alterados pola falta de recursos para facelos efectivos, unha discursiva que aviva a confrontación coas administracións de rango superior.

Así, o derrubo do vertedoiro a aire aberto de Bens, establecece xa non só como o principal problema da corporación municipal de A Coruña, senón que nos seus resultado atinxe á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Medio Ambiente implicándoas nun grave problema medioambiental e o falecemento dun home.

A negativa posición mediática extrapólase ao total das administracións que deben facer fronte ás posicións contrarias da maioría dos grupos interesados e que reposicionan a súa acción xa non so contra o concello, senón contra todos aqueles entes que por falla de control e de atención teñen posto de manifesto o fracaso do modelo.

Malia todo, non só se trata de solventar os problemas de responsabilidade, se non máis ben de facelo ao mesmo tempo que se garante a seguridade pública ameazada polo verquido.

- Ponse a traballar no apuntalamento dos residuos.
- Desaloxase o barrio do Portiño por medo a novos derrubes
- Pídese a declaración de zona catastrófica ao Ministerio de Medio Ambiente ao tempo que se aumenta a categoría de accidente a catástrofe.

Xa que neste punto, temíase o derrubo de 800.000 toneladas máis, estableceuse unha xestión centrada no peor das situacións posibles³⁹, como medida de precaución fronte posibles novas consecuencias ou máis situacións imprevistas; logrando así, unha maior repercusión mediática ao buscar o apoio de instancias superiores para as labores de sostemento e apuntalamento da zona afectada.

A posición do concello polo tanto apunta ás circunstancias externas como causa do derrubo, unhas circunstancias, que refutan a consideración de zona catastrófica, pero que non eximen de todo do mal estado do vertedoiro. É por isto, polo que adquire especial relevancia o Comité de Crise do Concello, que vai definir o carácter técnico das medidas a implementar así como a avaliación do sucedido para un correcto esclarecemento das causas.

A inmediatez das circunstancias e a sorpresa no seu detonante, provoca unha situación inmediata de crise, na que a comunicación debe ser igual de inmediata. Unha vez borradas as posibles consecuencias do risco tanto

³⁹ A preparación para o peor dos resultados supón unha dos principios de prevención fronte a incerteza no desenrolo dos feitos, facendo da incertidume a propia esencia da vida actual. U. Beck.

sanitario como medioambiental e acrecentado o interese dos medios no suceso, perfílanse as estratexias de xestión encamiñadas a limpar a imaxe da cidade. En primeiro lugar, prodúcese unha reacción lóxica de non incremento do risco potencial, é dicir establecece un operativo de busca de vítimas e de contención do risco medioambiental.

O feito de non ter como referencia un modelo de xestión claro, vai implicar unha *estratexia reactiva*, na que se seguen algúns dos pasos da xestión proactiva como a creación do comité de crise; na súa gran maioría tratase dun modelo reactivo, o que permite unha certa manobrabilidade, máis complica a detección dos factores máis relevantes á hora de trazar a estratexia.

Así, malia que se tenta considerar como un accidente ou unha crise sobrevinda, é apreciable a súa compoñente larvada froito da carencia de vixilancia e prevención; o que converte ao concello de Coruña, nunha posible vítima da súa propia xestión, xa que debilita o seu papel á hora de afrontar o problema provocado polo derrube do vertedoiro.

O coñecemento do entorno

O bo coñecemento do entorno convertese nun factor determinante de cara a postular o futuro do vertedoiro e a organización espacial da zona como parte da estratexia de recuperación, isto permite sacar do seu illamento ao barrio do Portiño, o barrio máis afectado pola situación, e o fomento dunha recuperación medioambiental dunha zona especialmente degradada para o uso público.

Como parte desta visión, solvéntase o apuntalamento da zona afectada, o que implica unha certa volta á normalidade no barrio do Portiño, permitindo a superación dun dos estadios máis relevantes de cara a superación da crise 3 meses antes do agardado.

Esta capacidade para ir sentando as bases da volta á normalidade, vai permitir unha posición máis activa na política de comunicación e posicionamento do concello contra o ministerio de Medio ambiente, que se ve no centro dos ataques da maioría da cidadanía coruñesa.

Polo tanto, malia que non fora encauzado a través do modelo asumido pola maioría dos teóricos da xestión de crise en canto ao coñecemento previo, o estudo dos públicos obxectivos, as posibles accións a levar a cabo e a preparación anticipada perante a crise. O *proceso desencadeado* tras o verquido, vai dar lugar a un deseño de *xestión de caso* centrado nos beneficios e a solvencia dos mesmos para restablecer o status perdido.

Este modelo de caso, permitiu adoptar toda unha serie de medidas que situou ao comité de crise fronte unha evolución previsible, centrada no escenario peor e que ten obrigado a unha comunicación sincera e un recoñecemento dos erros.

Neste caso, establececese o fracaso do modelo de xestión de residuos e buscábase un novo paradigma a asimilación de dito servizo, co argumento de facer da Coruña unha cidade máis sustentable, permitindo así mellorar as condicións do servizo de recollida e tratamento de competencia municipal. Amais permítese unha maior adaptación ás sensibilidades ambientais, evitando erros pasados, como a falta de control sobre a empresa concesionaria, a falta de transparencia nas negociacións do contrato e a falta de estudo de vida útil.

Este novo modelo permite unha situación favorable fronte a perspectiva da cidadanía e dos grupos ecoloxistas, o que permite unha corrente de opinión que serve para enraizar a mensaxe establecida polos xestores municipais representados no comité de crise.

Neste caso, o factor comunicacional faise tremendamente patente, xa que a situación plantexa unha inversión da conciencia cidadá de cara ao concello como máximo responsable e unha focalización no ministerio como parte non colaboradora na xestión dunha crise de tamañas proporcións.

Polo tanto, ante esta falta de soporte, o comité de crise do concello, inicia unha actividade proactiva baseada na comunicación e a decisión estratéxica, unha comunicación na que se deixan entrever tres factores claves:

- Responsabilidade como administración pública encargada da xestión dos Residuos Sólidos Urbanos e como administración máis próxima á cidadanía (Cidade-Estado como definirá Francisco Vázquez nun determinado momento da crise).
- Responsabilidade e compromiso coa resolución da crise a partir do inicio dun novo modelo centrado na eficiencia ecolóxica como contraposto ao modelo incinerador presentado polas administracións superiores, Xunta e Estado.
- Toma da iniciativa na comunicación da evolución da catástrofe e na xestión da mesma, o que converte ao concello no principal organismo de influencia fronte a Xunta ou do Ministerio de Medio Ambiente. Situando a Francisco Vázquez como único interlocutor válido para a difusión de información e toma de decisións.

Estas medidas, encamiñadas a coartar os posibles danos á imaxe do concello, teñen posibilitado nun primeiro momento a visibilidade dos xestores da crise e das actuacións levadas a cabo pola corporación municipal que presenta polo tanto, a folla de ruta dun plano con implicación futura, representada na planta de tratamento de residuos de Nostián.

A xestión da imaxe

No momento no que se produce o accidente que provoca o derrubo de 200.000 m³ de residuos sólidos urbanos sobre a ribeira coruñesa e o barrio do Portiño, o modelo de xestión de residuos estaba a ser replantexado tanto por parte do goberno da Xunta como por parte do Goberno central, ámbolos dous de signo contrario ao da corporación municipal coruñesa.

Polo tanto, dende un inicio, os membros de ámbalas dúas administracións supralocais mostran a súa desconformidade co modo de proceder por parte dos xestores da cidade, aos que presentan como negligentes na xestión dunha materia tan fundamental como e a dos residuos urbanos, para a que a Xunta de Galicia está plantexando un modelo xeral e centralizado baseado na incineración e que contaba co acordo do rexedor municipal Francisco Vázquez.

A crise entón, ten funcionado neste caso como un detonante crítico de cara o cambio no modelo e a oportunidade para resolver un dos problemas máis controvertidos a tratar pola sociedade pública e civil.

O inevitable do tratamento do tema neste período de crise, ten dado lugar ao deseño dunha estratexia que se ten mostrada acertada por parte dos xestores da cidade. Así, ante o abandono institucional inicial, o concello da Coruña abandona a idea de se adherir ao proxecto da Sociedade Galega de Medio Ambiente SOGAMA, que plantexaba o modelo incinerador como alternativa ao verquido controlado a ceo aberto.

Esta situación de rexeite, é un dos piares fundamentais nos que se vai erguer a política de comunicación do comité de crise na catástrofe de Bens e o que dará os resultados observados co peche do vertedoiro e a posta en funcionamento da planta de Nostián..

De tal xeito, vincúlase a solución da crise a unha cultura e identidade propia da cidade da Coruña, recupérase a zona para o ocio e o desfrute ambiental dos cidadáns, e diríxese á cidade ao desenrolo sostible e a conservación do patrimonio natural existente. Todo elo, marcado pola extensión dun paseo que se ten convertido en emblema da propia cidade.

É dicir, que dende a interpretación máis purista da visión da crise como punto de inercia cara o positivo ou o negativo⁴⁰, a catástrofe de bens, ten suposto para a cidade, un cambio e unha inercia positiva na que a incompetencia ou a mala fortuna, deixaron de ser un problema capital para se converter nun medio

40 En referencia ás xa citadas teorías Hipocrática e Chinesa como xénese do principio activo de intervención no discurrir dun proceso crítico.

para un fin determinado, recuperar a confianza cidadá e afianzar un modelo de cidade que non se podía ver empañado por un tema tan escuro e pouco mediático como pode ser a xestión dos residuos.

Bens polo tanto, convértese nunha exhortación ao cambio de modelo, no que Francisco Vázquez toma o temón e reivindica o papel da cidade no mundo, equiparándoa con cidades como Nova York, Berlín ou París; o que a destaca como merecedor do premio Internacional Nations in Bloom.

O plano trazado polo concello dende o posicionamento de *zona catastrófica*, converte a Francisco Vázquez no máximo voceiro da cidadanía á hora de defender os seus intereses, transcendendo o papel de este ao feito en si; xa que converte a cidade nunha vítima do exceso de celo mostrado por parte da Xunta de Galicia e do Goberno Central, o que provoca un fondo e favorable sentimento en favor das políticas acometidas polo comité de crise.

Con esta nova orde de cousas, o concello, dende o Gabinete Local de Crise formado por cinco concelleiros e presidido polo propio alcalde, iniciase a labor de desgaste contras as administracións superiores as que acusa, amais de aproveitamento político, de deixar desamparada á cidade ante semellantes circunstancias.

A negación á intervención do ministerio na declaración de zona catastrófica, limita enormemente a capacidade de acción do concello, tanto na entrega de indemnizacións como nas labores de mellora e acondicionamento da zona. A alcaldía plantexa o caso como de máxima urxencia e faise preciso contar cos recursos adecuados, mentres estes non cheguen, o risco sanitario que afecta aos veciños do barrio desaloxado como o perigo de novos derrubes faise patente.

Nesta liña de perigosidade, é na que se centra o alcalde de A Coruña Francisco Vázquez para manifestar perante a cidadanía o illamento político ao que se están vendo sometidos os seus intereses, o que o leva a plantexar o problema como unha loita en canto a política medioambiental da Xunta, e contra a xestión competencial do Ministerio de Medio Ambiente.

O día 9 de Outubro de 1996, a corporación municipal presenta o novo modelo de xestión de residuos, o máis moderno e ecolóxico acompañado dun plano de viabilidade e asentamento do antigo vertedoiro de bens. Un proxecto dialogado co grupo ecoloxista Greenpeace, que pasa a ser un aliado na campaña de desprestixio contra o modelo incinerador e contra a actitude establecida por parte do ministerio de medio ambiente.

Malia a existencia dun modelo de rexeneración centrado nos 3R's, a cidade está monetariamente illada e incapacitada para abordar un proxecto tan custoso, é o propio Alcalde da Coruña o que na recepción de nadal realizada na casa do concello establece a busca de recursos para facer fronte a tal proxecto.

Coas labores de asentamento e asegurado do antigo vertedoiro, completárase a volta a casa dos evacuados tres meses antes do previsto e transmitíse a gran capacidade de resposta da corporación municipal. Amais, iniciado o novo ano o concello da Coruña atopase con 800 millóns de pesetas por parte do estado e 2000 correspondentes á Unión Europea, o que permite o inicio das obras de recuperación, tanto do espazo afectado como un novo modelo na xestión dos residuos na planta de Nostián que vai ser inaugurada o 19 de Xaneiro de 2002 en medio dunha especie de "apoteose verde", na que se manda unha mensaxe de responsabilidade á cidadanía e se recupera a imaxe da cidade de cara ao mundo.

Os detonantes da crise, unha aproximación ao caso Prestige

O caso do derrube de Bens, vai estar marcado en primeiro lugar pola situación de abandono do vertedoiro; que se atopa nunha situación categorizada como vertedoiro incontrolado e que non cumpre as medidas establecidas pola normativa europea:

1. Apartado dos núcleos poboacionais.
2. Capacidade limitada e tempo establecido de vida útil.
3. Accesos adecuados e correcto illamento da zona.
4. Preservación das augas.
5. Xestión da tipoloxía dos residuos.

No caso do vertedoiro coruñés, estas situacións foron incumpridas tanto por parte da empresa xestora FERROGASA, como por parte do concello, o que ten provocado o desprendemento de 200.000 m³ de lixo sobre o barrio do Portiño, dando lugar ao falecemento dun dos veciños do barrio e a unha das crises ecolóxicas máis relevantes vividas en Galicia ate o momento.

Como parte deste suceso, pódese incluír a posta en liza tamén da xestión dos residuos xerados polas poboacións urbanas, o modelo de tratamento e a susceptibilidade dun tema tabú para a sociedade, que prefire o descoñecemento, a verse implicado nun tema que atinxe por igual ao cidadán e a administración. Esta crise, pon de manifesto a problemática da selección das basuras, o seu procesado e a súa eliminación, así como os riscos que isto supón para o medio.

O caso de Bens é un claro exemplo da situación de risco coa que se convive día a día, pero que só sae a luz pública unha vez se produce un problema, un problema rexeitado a partes iguais pola *ciudadanía*, “*non no meu xardín*” e pola administración “*non no meu período electoral*”.

Como consecuencia deste rexeite, témonos atopado na cidade da Coruña cun claro exemplo de abandono e ocultación da xestión dos Residuos Sólidos Urbanos. Malia todo, a correcta xestión dende o punto de vista publicitario, non ten senón aberto unha nova situación que corre o risco de converterse nun problema endógeno tanto a nivel local, Planta de Nostián como autonómico SOGAMA.

Polo tanto, do que se vai tratar, é de observar as actuacións dos Policymakers como xestores dunha situación accidental e imprevista, tendo en conta a diferente repercusión e gravidade establecidas para cada situación.

O caso Prestige

Malia que posterior, non deixa de ser interesante o realizar unha aproximación a un caso tan representativo como o do Prestige, no que as regras de xestión poderían ter sido semellantes ás levadas a cabo no vertedoiro de Bens á hora de focalizar unha nova estratexia de prevención baseada na resposta social e na confrontación cos modelos anteriores.

Malia todo, o proceso seguido ao cabo na catástrofe do Prestige, ten dado lugar a múltiples críticas e ten presentado elementos particulares na xestión da administración para facer fronte a unha crise medioambiental de amplo espectro.

O Prestige, amais de ter sido a maior catástrofe ecolóxica acontecida en Galicia, puxo de manifesto a falta de preparación e a inexistencia dun plano de xestión de crise a nivel tanto autonómico como estatal.

Isto, viu producir un baleiro de poder por parte da administración así como unha inadecuada xestión dos medios humanos e económicos, o cal a converteu na peor crise para o goberno autonómico de Manuel Fraga Iribarne e un gran problema para o debilitado goberno central, que viu como un se xestaba un movemento social sen precedentes e con graves consecuencias políticas para o goberno autonómico; que se viu relegado á oposición despois de 15 anos de goberno⁴¹.

41 En opinión do politólogo X.M. Barreiro Rivas a situación foi tratada cunha total falla de empatía.

Fronte a visión institucional establecida nun primeiro momento polo vicepresidente do Goberno de España, a denominación de catástrofe ou desastre cala nos medios de comunicación, que pasan ser a voz de referencia informativa debido a ineficaz xestión comunicacional das institucións.

Esta ineficacia tanto técnica como informativa, agrava a repercusión mediática, que establece na cidadanía unha sensación de inacción e incompetencia que provoca á conformación de grupos de acción cívica tanto no terreo como no plano político e social, o que fai aumentar a sensibilidade de cara a unhas moi próximas eleccións locais.

A ineficiencia á hora de xestionar a crise, vai poñer de manifesto a inexistencia dos recursos necesarios para facer fronte a unha situación como esta, amais de non ter tomado as decisións tecnicamente correctas. O que permitiu unha toma de control por parte tanto dos medios de comunicación, como dos propios cidadáns.

Esta escaseza de medios, remata por dar lugar a unha profunda onda de solidariedade, que sitúa a costa da morte como epicentro da catástrofe, presentando aos principais axentes políticos como uns incompetentes á hora de xestionar a crise convertida xa, nunha das maiores catástrofes marítimas de Europa.

O protocolo de actuación parece ser inexistente e o plano de xestión, vese totalmente turbado pola falta de cohesión entre as accións e o discurso tanto do goberno central como da propia Xunta.

Nun comezo, é o ministerio de Fomento quen se fai responsable da crise e quen ordena unha infrutuosa e perigosa manobra, que rematan coa quebra do casco do barco nun lugar de escaso acceso e malas condicións para o posible dragado da carga.

Mais vai ser unha vez que *a crise toma forma de catástrofe* e o buque comeza a deixar saír a súa carga de forma incontrolada, cando os medios comezan a facerse eco da mesma sen agardar ningún tipo de información por parte das

(BARREIRO RIVAS, J.L.2003)

administracións implicadas, Xunta de Galicia e Goberno de España, que pola súa parte non emitiron en ningún momento un comunicado oficial. A partir de aquí, os poderes públicos perden o control e se produce un desborde informativo que corre en contra dos xestores, que se ven na obriga de adoptar novas medidas a contra reloxos, o que supón un problema engadido aos xa existentes por mor da mala xestión técnica.

Polo tanto, esta cerrazón explicativa e de actuación que deu lugar á implicación directa dos grupos sociais, aumentado pola repercusión mediática, provocou unha onda de solidariedade que superou tódalas previsións e puxo en solfa a falla de medios fronte a Marea Negra.

A comunicación por parte do Goberno polo tanto, non está baseada nos principios de veracidade, o que impide establecer o verdadeiro alcance do accidente.

Un alcance que comeza verse reflectido na implicación de terceiros países como Francia e Portugal, que posteriormente pedirán responsabilidades polas iniciativas prexudiciais levadas a cabo polo estado español.

Por outra parte, Portugal, si que foi capaz de establecer un plan de crise inmediato evitando a entrada do barco nas súas augas xurisdicionais. Un feito que pon de relevancia a incertidume coa que se esta a afrontar o caso por parte do Goberno.

En canto a actuación dos medios de recollida e limpeza, aparecen antes o exercito belga que o español, o que pon de manifesto a falla de toma de decisións no seo do goberno tanto central como autonómico.

Este modo de actuar, deixase entrever como un problema nacional, que amais presenta un debate interno no seo do Partido Popular, o que produce un conxunto de ocultacións, manipulacións e desinformacións dos que non se van facer cargo nin os responsables políticos, nin funcionarios de ningún tipo. Isto implica que as decisións que deberan ser tomadas, foron incorrectamente xestionadas e sen ter en conta ningún tipo de asesoramento técnico, o que en termo último derivou nunha información sesgada e manipulada que xerou un *modelo de información e xestión paralela, constituída* a través da información de primeira man dos mariñeiros e os grupos presentes en primeira liña de actuación.

Xurde ante tal ineficiencia organizativa un grupo de contestación social baseado na carencia informativa e na ocultación da traxedia, unha contestación social que toma certa relevancia política e vai facer sentir de perto unha presión incontestable aos Gobernos galego e español.

A xestión levada a cabo polo goberno, adoece de planos de actuación baseados na experiencia previa e non se desenrola unha boa estratexia de comunicación, xa que non se establece ningún tipo de mediación cos afectados nin coa sociedade, o que incrementa a desconfianza e vai mostrar unha tremenda lentitude de reacción.

Amáis xestionase ineficazmente o achegamento aos afectados, unha semana por parte das autoridades do goberno autonómico e un mes por parte do Goberno estatal; o que da lugar a un modelo comunicativo pouco efectivo e moi limitado pola súa improvisación:

1. En primeiro lugar, as autoridades non tiveron en conta a vertente emocional e a capacidade de empatizar coa poboación afectada, que ve como en poucos días se estrutura unha gran resposta social, que supera con moito as expectativas dun goberno que ve como a situación é controlada pola cidadanía.
2. Amáis, faise patente a carencia total dun plano de acción coordinado previo.

3. Atraso na actuación máis inmediata que é suplida pola rápida resposta social.
4. Carencia dun Portavoz Claro.
5. Falta de solidariedade para con os afectados.
6. Falta de Coordinación nos ámbitos comunicativos como na dirección.
7. Carencia dunha información veraz e completa dende o comezo e durante o proceso de selado e control do verquido “pequenos fíos de plastilina que emanan dos tanques”.
8. Non establecemento de oficinas de traballo nin postos de campaña no propio lugar dos feitos, o que pode ser mostrado como unha falta total de compromiso, mentres que entre os voluntarios comezase a xestar unha corrente de opinión desfavorable ás autoridades, que non se deixan ver no lugar da catástrofe co mono de traballo. Isto, pode parecer unha non asunción plena da responsabilidade da administración como parte activa na resolución⁴².

Esta carencia na xestión proactiva da crise e a inexistencia dun modelo de actuación unívoco, presenta un movemento paralelo creador de información que pasou da axuda espontánea, a un movemento social configurado polas principais forzas políticas e culturais do país.

Polo tanto, a carencia comunicativa da administración, ten dado lugar a unha incertidume nos voluntarios e na maioría da poboación, o que reporta unha imaxe moi negativa dun goberno, que coa maioría parlamentaria evita todo contacto cos medios ou coa cidadanía; xestionando o problema de forma autoritaria e por extensión socialmente ineficiente.

⁴² Como si se ten feito noutras catástrofes de semellantes ou maiores dimensións, como por exemplo a presenza das máximas autoridades niponas na zona afectada polo tsunami que arrasou a costa de Xapón no ano 2011 e a posterior catástrofe na central nuclear de Fukushima.

Esta crise, vai vir producida pola debilidade interna á hora de non sopesar o risco dun novo verquido na costa galega; o que lle custa a ámbolos dous gobernos a perda de crédito fronte a cidadanía, ao tempo que implica unha forte presión para o partido que representaban. Isto, vai perdurar no tempo no caso do goberno estatal ate a relevancia tomada pola guerra de Iraq e ate a perda do poder por parte do Partido Popular nas eleccións autonómicas de 2005.

As condicións de imprevisibilidade e a detonación dun efecto medioambiental e sanitario pernicioso para unha gran área xeográfica, fan coincidir o dificultoso das solucións tanto no caso do Bens como no do Prestige. Mais malia iso pódese dar constancia de casos de semellante natureza como o sucedido no ano 1987 co buque Casón, no que amais da mala praxe técnica, as autoridades do Goberno autonómico presidido por Fernando González Laxe apenas ofrece información suplementaria ás imaxes emitidas pola TVG, creando unha enorme alarma social, e poñendo en risco a seguridade dos pobos próximos a Fisterra.

Unha alarma social, que se fai patente na recomendación da delegación do goberno de evacuar a preto de 15.000 persoas á Capital Galega, o que supón de forma determinante unha contradición das medidas levadas a cabo e unha desconfianza que permanecerá no imaxinario colectivo como resultado da falla dunha adecuada actuación.

A catástrofe de Bens, supón unha actuación semellante a que se leva a cabo no caso Prestige; xa que a organización, vese inmersa no proceso de crise e *fase álxida* como resultado dun detonante accidental. Mais vai ser a inmediatez da reacción do comité de crise do concello da Coruña, o que permite unha reacción eficaz malia que igualmente reactiva, na que se renuncia ao plan incinerador de SOGAMA; como parte da estratexia de xestión que máis tarde vai tomar unha marca propia e diferente da establecida polas administracións superiores.

Está maxistral xogada, permite establecer relacións cun grupo de presión tan importante como son os grupos ecoloxistas, que centran a súa campaña de desprestixio contra a Xunta de Galicia e o Ministerio de Medio Ambiente representada na persoa de Isabel Tocino.

Este argumento anti-incineración, está baseado nunha política de modificación da imaxe da cidade da Coruña; na que amais da planta de Nostián, entran en xogo outros proxectos como o reacondicionamento da zona afectada polo vertedoiro, na actualidade parque de bens, e a ampliación do paseo marítimo ate zonas que ate o momento non foran o suficientemente empregadas para o desenvolvemento urbano da cidade.

Este novo plano, presenta como cume as súas acreditacións a nivel mundial e permite á cidade da Coruña ser a beneficiaria do premio de carácter internacional Nations in Bloom, un galardón que fortalece a labor levado a cabo polo comité de crise e reforza a entidade da cidade da Coruña a nivel mundial.

Polo tanto, dende principio a fin, a xestión desta crise ten presentado unhas características particulares, que teñen servido para dominar o punto máis crítico e álxido da crise, dando lugar a unha volta a normalidade realmente efectiva.

Non sendo así no caso do Prestige, no que se ben é certo non se centra este estudo, si se trata dun caso con semellanzas potenciais e diferencias na xestión. Xa que non se consegue un efecto positivo por parte nin da sociedade, nin dos medios, amais as reaccións fanse agardar demasiado ao igual que a aparición dos políticos máis representativos dos dous Gobernos.

O detonante como forma da solución

A pesar das diferencias obvias ao modelo de accidente, ambas poderían ser resultado do déficit de atención e a lasitude das autoridades á hora de valorar os riscos que implican certas actividades. No caso de Bens a externalización como forma de abaratar custes, deu lugar a un menor control por parte das autoridades, e polo tanto á situación antedita de vertedoiro incontrolado que

obvia todo tipo de control hidrológico sobre o territorio, control da vexetación, do impacto ambiental e da recuperación medioambiental dos espazos desafectos polos usos anteditos.

Como resultado desta especial situación á que se ven sometidos os residuos, tense producido unha crise sen precedentes na cidade; na que se pon en dúbida o modelo de xestión levado a cabo ate o momento, evidenciando a irresponsabilidade por parte da administración local na xestión e da administración autonómica con respecto ao plano de tratamento e rexeneración dos vertedoiros urbanos.

A catástrofe producida no vertedoiro de Bens, vai evidenciar polo tanto esta situación de falla de prevención e descontrol ao que foi levado o terreo por parte da empresa Fertilizantes Orgánicos de Galicia, S.A. Dende o ano 1985, se teñen rexistrado múltiples desprendementos e un incendio de varios días que pon de manifesto a inestabilidade do vertedoiro e que posiciona ao vertedoiro como núcleo de conflito.

Amais o propio concello delimita a vida útil do vertedoiro por 7 meses máis no ano 1991, polo cal, a extralimitación da capacidade parece bastante obvia no ano 1996 a pesar da ampliación levada a cabo despois de ditas declaracións.

Xunto con isto, debería terse en conta que no ano 1994 voltase someter a concurso público a xestión do vertedoiro. Un proceso con aparentes claro-escuros, non sendo a empresa concesionaria FERROGASA a mellor situada para a concesión do servizo fronte empresas como URBASER ou Cespa, S.A. Malia todo, o concello a través de FERROGASA, presenta un plano de mellora que non chega a ser levado a cabo; como é o cerre de formigón que impediría tanto os derrubes como a continuas violacións de seguridade por parte de persoas alleas á empresa, así como un sistema de drenaxe especificado como necesario por parte do informe de vida útil da UDC para o concello da Coruña.

Bens polo tanto, presenta no ano 1996 unha situación tremendamente delicada anunciada xa en reiteradas ocasións por expertos. O concello anunciara o peche definitivo para o ano 1995, malia todo, este peche non se chega a producir o que abunda no incumprimento das directivas europeas:

- Falla de impermeabilización, canalización e depuración das augas que van o mar.
- Falla de canalización e tratamento de gases.
- Inexistencia de valados e pantallas que impidan o derrube do material residual almacenado.
- Falta de control e de medidas de seguridade que impidan a entrada de persoas alleas ao vertedoiro.
- Inexistencia de selección e control de residuos.

Amais, mantíñanse abertas zonas de verquido durante tempadas demasiado longas, o que crea grandes problemas no proceso de compactación e cobertura; dando lugar a altos riscos de desprendemento como ao fin sucedeu.

Conclusiones

O caso da catástrofe de Bens, vai ser un modelo claro de como se debe xestionar a comunicación de masas; xa que o deseño da Comunicación, xoga un papel fundamental neste caso. Tense tentando avaliar un modelo de facer xestión e de validala de cara a opinión pública, expoñendo polo tanto as opinións dos técnicos e expertos en medio ambiente.

A catástrofe de Bens, daba unha imaxe da xestión que se estaba a levar a cabo cos RSU e por extensión da imaxe da cidade cara o exterior, froito da influencia da percepción da realidade por parte da opinión pública.

Esta xestión mediática por parte da entidade local, deu lugar a toda unha serie de relacións entre os grupos afectados e a administración local, permitindo así, unha situación favorable á cidade no pulso que se lidiaría entre esta e as administracións superiores representadas pola Xunta de Galicia e o Ministerio de Medio Ambiente.

En un primer lugar fue tranquilizar que no había víctimas más allá de la persona que sí... que a la hora o hora y media ya se dio por salir a buscarlo y se le dio a la población tranquilidad... y contar siempre la verdad, es decir contar siempre que es lo que ha pasado o se supone que ha pasado que es lo que está pasando en ese momento y cuales son los pasos que se van a continuar y yo creo que eso también influencio mucho en lo que después posteriormente sirvió una gran conciencia medioambiental y de una gran apoyo al gobierno para llevar a cabo los proyectos que más adelante salieron de este de esa tragedia no. (Francisco Javier Losada de Azpiazu Tenente de Alcalde da Coruña no ano 1996).

Esta situación de reforzo que consegue o Comité de Crise, permite o desmarque do plano de incineración, a recuperación da zona afectada e a reactivación dunha zona que ate o momento se consideraba perdida para o desenrolo urbano; logrando amais, o premio internacional Nations in Bloom, que converte á cidade da Coruña nun dos estandartes do desenrolo sostible

mundial.

Se ben é certo, foi necesario un detonante crítico para que aflorasen as posibles solucións, levadas a cabo despois do principal conflito xurdido polo derrube de 200.000 m³ de lixo sobre o Barrio do Portiño. Isto, pon de manifesto un maior compromiso por facer latente o fracaso do anterior modelo, actuando de maneira reactiva contra o modelo incinerador da xunta ao cal se opoñían radicalmente os sectores medioambientalistas que acudiron ante a catastrófica situación xerada no vertedoiro.

A ver, o concello da Coruña tivo moita sorte naquel momento, moita. Veras, tivo sorte porque Greenpeace acudiu rapidamente eh... ao seu auxilio i o alcalde da Coruña Paco Vázquez que...tivo moita sorte, pero tamén tiña moita habilidade. Um... o que fixo, foi sacar da manga rapidamente como unha alternativa para que non se falase da crise, da xestión da crise e da xestión económica da empresa que levaba nese momento as basuras; ...e... do que non se falou o suficiente por certo, para pasar rapidamente a falar da planta de Nostián de Alemania i de esa maravilla que era que había un xardín de flores donde había bio...biodigestores, que despois se demostrou tamén que non era certo.(Consuelo Bautista Benejama Jefa de programas e informativos Cadena SER no ano 1996).

Este cambio no modelo, empregado como escusa para evitar depurar responsabilidades relacionadas coa inadecuada xestión do vertedoiro, anunciase o día 9 de Outubro de 1996 co apoio de Greenpeace, que centra as súas campañas no desprestixio do ministerio de Medio Ambiente ao mesmo tempo que dende o concello se lles acusa de abandono ante a inacción operativa por parte de este.

Por isto e por unha estratexia trazada unha vez desatada a crise do vertedoiro, a corporación municipal ten desenrolado un plano xeral de adecuación, selado e clausura do vertedoiro, adecuada a corrente social e a normativa europea.

Malia que a crise no tratamento dos residuos tivera xa repercusión mediática

por mor dun incendio que se tardou días en sufocar no ano 1994, non serviu á administración local para avaliar o grao de abandono do vertedoiro e as posibles liñas de actuación a desenrolar na mellora dos planos de tratamento e os problemas existentes no vertedoiro de Bens. O detonante crítico e o derrubo producido o día 11 de Setembro, magnificou o problema e o elevou ao grao de traxedia.

Supoño que foi un vertedoiro xa esgotado e que, por inercia, seguía funcionando. Non coñecía a situación real do vertedoiro, pois non estaba no ámbito das miñas competencias como concelleiro de Urbanismo. Pero penso que o Concello actuou de forma correcta, responsable e con axilidade despois do derrumbe. (Salvador Fernández Moreda Concelleiro de Urbanismo na cidade da Coruña no ano 1996.)

A correcta dirección da estratexia, enfocada á poboación da cidade e centrada no abandono institucional do Estado e da Xunta, obriga como di o Alcalde, a actuar como unha Cidade-estado autosuficiente na solución dos seus problemas, creando a súa vez un sentimento de identidade moi favorable á corporación municipal.

A ver, o concello sae ao paso, o que pasa é que sae o paso dunha forma como sempre fixo Paco Vázquez; moi intelixente non i entón o que fai é, non explicar, senón contar o que vai facer. (Consuelo Bautista Benejama Jefa de programas e informativos Cadena SER no ano 1996).

Nesta campaña de afianzamento do modelo de cidade, chegase incluso a apelar ao sentimento provocado co embarrancamento do Mar Exeo. Isto, pon en marcha toda unha serie de relacións entre os públicos afectados favorables ao cambio e contrarios a asimilación do modelo plantexado polas instancias superiores; o que lle asigna á cidade unha compoñente especial que acabará por restaurar a imaxe da mesma no contexto social e internacional.

Esta xestión de crise, ten constituído un perfecto control dos procesos críticos, plantexando alternativas serias aos imprevistos da situación. Isto, ten dado

lugar á posibilidade de establecer un plano de xestión que evite estas consecuencias que poden ser letais para a organización.

... pero inicialmente, inicialmente esto lo que se nos parecía más oportuno era que el ayuntamiento si lo considerase oportuno después de esta crisis, saliera por una vía real, no una vía ficticia de vertedero aéreo como es la incineración, sino por una vía real que era la asimilación de un proyecto en el que se separaran un montón de cosas, se educara a la población y al final en definitiva pues se iniciara pues modestamente con una ciudad pequeña como es la ciudad de La Coruña ... (Guillermo Fernández Obanza-García, membro de Greenpeace e interlocutor na negociación da organización medioambiental co concello no ano 1996).

A proactividade e a axilidade na preparación dos escenarios, deu lugar a unha mellor recepción do fenómeno, de tal maneira que se teñen minimizado os resultados negativos e se obteñan resultados favorables aos intereses atacados.

Entón bueno, o tema foi realmente a nivel informativo, foi moi impaciente non, porque todos temos a imaxe da Coruña, das grandes obras, do paseo marítimo e de repente encontraste como na parte de atrás dunha gran cidade como esta, que estaban naquel momento en obras e con obras importantes, con que había ahí un vertedoiro que bueno, que ninguén sabía del, ou si sabíamos del pero evidentemente ninguén tiña esa constancia de que era un vertedoiro de esas características (María Jesús Castro Candal periodista da RTVG para a provincia da Coruña no ano 1996.)

Soubo o ex-alcalde Francisco Vázquez aparentar solucións á problemática emerxente. Os parques de San Pedro e Bens, os sistemas de tratamento de lixo e a imaxe de que este tratamento mesmo podería outorgar beneficios económicos á cidade fixo que a súa imaxe como político non se deteriorara maiormente. (Antón Luaces Teixido, RNE para a provincia da Coruña e locutor no ano 1996).

O cambio no paradigma de xestión dos Residuos

O recoñecemento do risco ocasionado pola latencia dos perigos na xestión do vertedoiro, teñen dado lugar a un replantexamento no modelo de tratamento dos residuos, o cal se sitúa como un feito de recoñecemento do erro xerencial e marca unha parte moi importante de cara a dar unha solución axeitada ao problema.

Bueno, pues entonces desde ese punto de vista yo digo que fue una rectificación y a mi me parece que la rectificación lleva y a mi me parece que la rectificación realmente dice mucho del que rectifica no, es ... eh a mi me parece importante rectificar, rectificar tenemos que rectificar todos y me parece interesante que se tome una postura, que quiere decir también hay méritos por parte del ayuntamiento de La Coruña en ese momento por rectificar y hay méritos también por parte de Greenpeace que realmente que Greenpeace esto ... también la figura de Greenpeace también hace rectificar por el hecho de que Greenpeace es una asociación de esas características no.(Guillermo Fernández Obanza-García, miembro de Greenpeace e interlocutor na negociación da organización medioambiental co concello no ano 1996)

A xestión dos residuos por parte da administración pública, vai ser establecida pola *Lei Reguladora de Bases do Réxime Local 7/1985*. Esta, establece a obriga e garantía de prestación do servizo de basuras por parte das autoridades locais nos concellos de máis de 5.000 habitantes, establecendo para estes, a labor de recollida e tratamento. É dicir, que a cidade da Coruña a través do vertedoiro de Bens, cumpría non só coas súas obrigas senón que permitía o servizo aos concellos carentes de ditas infraestruturas.

Esta obriga na xestión, convirte polo tanto o vertedoiro, nunha necesidade e ao mesmo tempo nunha obriga de xestión, na que nin cidadáns nin administradores teñen demostrado un especial interese.

Una de las cuestiones que nosotros nos empeñamos es en compartir, es decir de la misma forma que nosotros le permitíamos de forma gratuita y de forma totalmente desinteresada que utilizaran el vertedero de Bens antiguo para eliminar sus residuos, también quisimos involucrarlos en esta nueva tarea y puedo decir que encontramos en ella la total y absoluta solidaridad y apoyo. Fue también otra parte de los éxitos enorme y hasta ahora funciona y también resuelve sus residuos sólidos urbanos domésticos, esta fue también otra de las dinámicas, hubo muchas, hubo que hablar con los alcaldes y explicarles y decir oye tal...nosotros tuvimos que resolver el día en que cayo el 10 de setiembre me parece, fue ese día pero ese día por la noche había que resolver que hacer con lo que llegaba no solo de Coruña sino de todos los concellos y eso fue muy importante también ese apoyo para poder sacar adelante todo esto.(Francisco Javier Losada de Azpiazu Tenente de Alcalde da Coruña no ano 1996).

É por isto, polo que Francisco Vázquez como alcalde da cidade, está disposto a aceptar o modelo da Sociedade Galega de Medio Ambiente; xa que o alonxa do seu ámbito de actuación e responsabilidade. Malia todo, esta delegación na administración inmediatamente superior, non se chega a ter producido, en parte polo detonante accidental en Bens e en parte polo pouco respaldo social que recibe a incineración do lixo.

Eso foi, ... eso veu determinado polo alcance mediático da catástrofe do accidente e no momento no que foi. Coincidiu co momento áxido da conciencia ambientalista, en concreto no caso galego i especificamente no tema de residuos, eh... esto foi en setembro de 96, en nese e dende o 95 dende o ano anterior, estaban aparecendo plans comarcais de reciclaxe, o do Morrazo, o do Barbanza e o do Consorcio que xa estaba en...en conversas para empezar.(Manuel Soto Castiñeiras Enxeñeiro Químico e presidente ADEGA no ano 1996).

Malia todo, o modelo autonómico presentado en SOGAMA chega no ano 1997 como plano de tratamento de residuos urbanos de Galicia e establece como obxectivo *a xestión dos RSU establecida por consenso social*. Un consenso social que en base ao resultado establecido na cidade da Coruña, non se adhire á incineración, o cal crea infinidade de críticas en canto á capacidade da

mesma para facerse cargo da xestión dos residuos de practicamente toda a comunidade, convertendo a posible ubicación nun vertedoiro de semellantes características ás de Bens.

O modelo de SOGAMA, supón neste momento, un modelo centrado na recuperación de espazos degradados e eliminación dos verquidos incontrolados, pero baseando o procesado e tratamento futuro na incineración, o que incumpre os obxectivos plantexados na *Resolución do Consello da Unión Europea de 17/5/1993, DO n1C 138*, que establece as bases da Prevención a reciclaxe e a eliminación.

A creación dun modelo paralelo que si asume realmente un tratamento baseado nos tres R's e que da lugar á rexeneración do espazo degradado como indica a lei 11/1997 de RSU de Galicia, vai partir da iniciativa local, o que despraza a xestión prevista por parte da Xunta e o modelo establecido de axudas europeas, doazóns, recadación por sancións e unha % do canon de xestión dos mesmos. Esta alteración no plano Galego, non só limita a recadación para o modelo da Sociedade Galega de Medio Ambiente, senón que supón unha inversión extra próxima aos 4.237 millóns de pesetas no plano de Nostián.

tivo un apoio moi curioso ... nas horas en que estaba pasando aquilo, que foi o do alcalde de Oleiros, Angel García Seoane, que é unha persoa que se supón que...eh, ten a gala a defensa do medio ambiente, un urbanismo sostible no seu municipio e tal; e é algo que a algunhas persoas, por exemplo a min chamou...chama...chamounos a atención non, e naturalmente o destacamos... como algo curioso e chamativo. (Consuelo Bautista Benejama Jefa de programas e informativos Cadena SER no ano 1996).

O modelo de Nostián e o modelo da reciclaxe

A xestión comunicativa, ten satisfeito os obxectivos da poboación con respecto á xestión dos residuos e ao mesmo tempo, refutado a imaxe de Francisco Vázquez como un xestor de confianza que ten aliviado a sensación de risco da sociedade coruñesa con respecto á crise de contaminación provocada polo vertedoiro.

Foi o principal impulsor da búsqueda de solucións que supuxeran unha innovación no tratamento do lixo, e unha concienciación por parte dos cidadáns sobre a importancia da separación dos residuos en orixe. (Salvador Fernández Moreda Concelleiro de Urbanismo na cidade da Coruña no ano 1996.)

O Concello soubo polo tanto, avaliar de forma efectiva as posibilidades técnicas da situación creada, fronte a visión de risco e indefensión da sociedade. Fai da catástrofe, a oportunidade perfecta para evitar o efecto pernicioso da sensación da traxedia repetida que por exemplo si se tivo co caso Prestige, amais tense comparado máis coa proactiva xestión do Mar Exeo.

Foi verdadeiramente moi interesante ou seña da necesidade se fixo virtude, pero en realidade para a sociedade foi bon, non foi malo... para a persoa que morreu non e para os xitanos do Portiño tampouco, pero para a sociedade en xeral finalmente foi un avance.(Consuelo Bautista Benejama Jefa de programas e informativos Cadena SER no ano 1996).

Esta visión do xestor, foi extrapolada á poboación e aos grupos de presión como Greenpeace que viron no proxecto finalista de Francisco Vázquez, unha maior toma de conciencia con respecto ao medioambientalismo; refutado amais por unha correcta política de fomento da reciclaxe en orixe.

Estamos haciendo... estamos hablando de poner en marcha para más de 300.000 personas, un sistema de eliminación de residuos sólidos urbanos que nunca había funcionado ni se había puesto en funcionamiento para tal cantidad de toneladas de tratamiento, es decir, no solo se esta experimentando en una concienciación ecológica, no solo se esta experimentando en una

concienciación de.... medioambiental no, no solo se esta experimentando en un sistema selectivo de recogida no solo se hace una recogida selectiva... una ,no solo se hace una separación en el hogar no solo se hace una selección en la calle sino que se hace una recogida selectiva... es que además se está a su vez fabricando el material tecnológico para tratar eso.(Francisco Javier Losada de Azpiazu Tenente de Alcalde da Coruña no ano 1996).

Malia os esforzos realizados dende o concello, a xestión dos residuos segue a provocar debates constantes sobre o idóneo do modelo plantexado unha vez activada a crise da xestión dos RSU na cidade.

O escenario de crise, deu aos membros da comité unha oportunidade enorme para modificar a imaxe da xestión de residuos, modificala e aproveitar a mesma como arma política fronte as administracións superiores. Malia todo, esta situación, non deixou de constituír un terreo cienagoso e de pouca importancia política que o converte unha vez máis, nun caldo de cultivo idóneo para un novo repunte dunha situación larvada durante anos.

A comunicación

Malia as posibles repercusións posteriores como a explosión dun dos dixestores da planta de Nostián, non debemos subestimar a reacción pública, que neste caso, ten sido empregada política e economicamente polos xestores da Coruña, que en todo momento forneceron dunha información exacta e áxil que sitúa a cidadanía, como a principal receptora da indignación e inacción autonómica e estatal. Isto crea un impacto social, que afecta fundamentalmente as administracións supralocais como froito da exposición a que estas son sometidas por parte da estratexia local, o que xera unha visión negativa na memoria colectiva que non se corresponde coa valoración positiva que se ten do concello, malia ser o principal implicado.

Bueno, pues eso es el tema, es el ministerio de medio ambiente, el ministerio de medio ambiente quien se encuentra, esto descalificado para el punto de vista del movimiento ecologista en aquel momento ... si por parte de Greenpeace se llamo la atención al ministerio de medio ambiente y concretamente se llevo basura de Bens, recogimos

basura en las zodiacs y se llevo a la puerta del ministerio de medio ambiente para que se dieran cuenta de que tenían toda España sin gestionar y habían dado soluciones que eran absolutamente, esto contrarias a los criterios ambientales. (Guillermo Fernández Obanza-García, membro de Greenpeace e interlocutor na negociación da organización medioambiental co concello no ano 1996).

Este escaso recordo ou imaxe negativa da xestión de residuos na cidade da Coruña, contradíse coa *existencia dunha problemática inherente a xestión dos residuos sólidos urbanos xerada polo descontrol existente na xestión dos mesmos, realizada case de xeito clandestino e que atinxe a moitas áreas da administración e que o ten convertido nun negocio.*

O comité de crise polo tanto, ten sabido evitar o feito de que as circunstancias particulares do punto álxido da crise, teñan causado efectos perversos sobre imaxe da cidade da Coruña. A través dun deseño das medidas a tomar e dunha adaptación e implementación digna dos resultados obtidos, derivase a enorme exposición do concello da Coruña e do seu líder, o que leva a unha solvencia fundamentada nunha comunicación transparente e fluída, tanto cos seus públicos como co resto de entes implicados externa e internamente, o que permite un control férreo dos focos de tensión.

... salir mucho, explicar mucho e incorporar a los proyectos de como resolver este tema y como dar nuevas ideas al tratamiento de los residuos urbanos; en este caso fue a la agencia no gubernamental más cualificada y con mas respeto internacional que era Greenpeace, entonces a parte de ponerse en contacto con el gobierno de España, con el gobierno de la comunidad autónoma nos pusimos en contacto con Greepeace para que nos asesorase continuamente acerca de como se debería encarar un proceso de eliminación de residuos urbanos a partir de una necesidad ya imperiosa, es decir ya no era una cuestión a medio plazo. (Francisco Javier Losada de Azpiazu Tenente de Alcalde da Coruña no ano 1996).

Polo tanto, neste caso a crise ten suposto un encauzamento positivo e un reposicionamento da imaxe. Nestes termos, os do encabezamento positivo, é no que se ten avaliado o caso de estudo, no que a xestión da corporación de go-

berno da cidade da Coruña, parece ter dado lugar a un reposicionamento da súa imaxe, na que a figura da cidade e o alcalde saíron potencialmente reforzadas.

Elimínase polo tanto dende a organización, todo ruído que poda afectar á difusión da súa mensaxe, respectando sempre o rigor na transmisión da mensaxe. Esta labor, resposta de forma correcta ao que debería ser unha campaña informativa na que se transmiten os feitos e se permite a accesibilidade á información. Este comportamento, ten provocado na opinión pública Coruñesa un efecto positivo, unha vez convencida a maior parte da audiencia prioritaria que o concello foi capaz de recuperar a imaxe da cidade e que apenas se teñen levantado especulacións sobre a actuación das autoridades, nunha situación con visos tremendamente dramáticos.

Durante a elaboración do proxecto, si houbo comunicación co concello e coa administración incluso, no momento da posta en marcha ía ser grupos ecoloxistas e tomando por parte da administración as ideas de participación cidadán, incluso os ecoloxistas os que eh...se encargaran das campañas de educación ambiental; pero xa no momento concreto da...da posta en marcha do proxecto, pois se...se optaron por...por unha, pola contratación a empresas i se cortou a vía de diálogo cos grupos ecoloxistas. (Manuel Soto Castiñeiras Enxeñeiro Químico e presidente ADEGA no ano 1996).

A superación da crise sen perder a imaxe positiva do grupo municipal e o establecemento dunha nova base da realidade no tratamento dos residuos, vai estar fundamentada, nuns ideais secundados pola cidadanía e en gran medida resultado dunha correcta xestión das accións desenroladas polo comité de crise e da difusión da mesma por parte dos medios de comunicación.

Apoteose Verde

Con este titular, é recollido o acontecemento do 13 de Xaneiro de 2002 que supón a inauguración da Planta de tratamento de residuos de Nostián; mais este, non é o único factor decisivo para tal mostra de respaldo mediático. Ao inicio da actividade da planta, debese engadir a ampliación das zonas de ocio da cidade coa apertura do parque de Bens, resultado da actividade de selado do antigo vertedoiro que ten o seu cume o día 5 de Xuño de 2001 co gallo do día do medio ambiente.

Amais, cabe resaltar a concesión do premio Nations in Bloom⁴³ apoiado polo programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente, que alega como méritos a superación dos problemas durante esta crise, o selado e rexeneración da zona, a posterior construción e ampliación das zonas verdes da Coruña, así como un modelo novedoso no tratamento dos residuos e na importancia da xestión ambiental. Dito recoñecemento, merece a felicitación expresa da casa real, do presidente do goberno e da Xunta de Galicia.

Si. Na axuda para a solución do problema non se busca o enfrontamento político con ningunha administración, búscase a axuda do Goberno de España ante unha catástrofe de repercusión internacional. Por certo, a actitude da entonces Ministra de Medio Ambiente, Doña Isabel Tocino, foi na miña opinión, lamentable e censurable. (Salvador Fernández Moreda Concelleiro de Urbanismo na cidade da Coruña no ano 1996.)

En base polo tanto a estes resultados, poderíase dicir que o peche da crise e da súa fase de latencia, ten lugar o 5 de Xuño de 2001. Xa que se da por pechada a crise dende o punto da desaparición dos seus principais detonantes, peche definitivo do vertedoiro, inauguración do parque de bens e respaldo na xestión a través do premio internacional outorgado á cidade e polo recoñecemento que da labor na xestión se fai a Francisco Vázquez.

⁴³ Malia que coa concesión de dito premio Francisco Vázquez asegura que se trata de un premio concedido pola ONU, non é así directamente senón que conta co apoio da institución amais de moitas outras cuxo fin é a publicidade e o desenrolo medioambiental e turístico das comunidades premiadas.

Dende o punto de vista da crise institucional pechouse... en falso, pero pechouse e verdadeiramente as persoas que poderían ter sido perxudicadas si se quixeran depurar responsabilidades, seguiron para adiante foron reelixidos e seguiron facendo e desenvolvendo a súa carreira pública e política. (Consuelo Bautista Benejama Jefa de programas e informativos Cadena SER no ano 1996).

Esta situación de éxito acadado na xestión da crise e o control mediático que desta se ten producido, ten convertido á mesma a unha anécdota. Fronte outros fenómenos de impacto ambiental, da lugar en certo modo á unha normalización da situación producida o día 10 de setembro de 1996.

Eh... fora do que é a catástrofe, porque eu creo que aquí a...é dicir a situación de emerxencia foi,...durou pouco como tal emerxencia; logo seguíamos tendo unha situación de precariedade ate que...que podía haber...haber de novo...pois problemas e derrubamentos ata que se selou o vertedoiro i se asegurou un pouco e se deixou de verter alí non. (Manuel Soto Castiñeiras Enxeñeiro Químico e presidente ADEGA no ano 1996).

A xerencia efectiva contra a adversidade, é a mostra máis palpable de que a xestión ten sido a correcta; xa que malia a súa exposición mediática, a figura dos xestores e da cidade sae reforzada, ao mesmo tempo que se solventa a agresión á que se ve exposta a cidade. Isto supón un reforzo da súa posición no mundo e faina merecedora do premio internacional Nations in Bloom.

...yo creo que la crisis se cierra como en todas las crisis se cierran al cabo de unos días en que deja de ser noticia no, lo que se abre es una esperanza, es decir la crisis... todas las crisis tienen un tiempo de duración que es el que le prestan atención los medios de comunicación, una vez eso, pasan pues a ser una parte cotidiana de la vida de una ciudad no. (Francisco Javier Losada de Azpiazu Tenente de Alcalde da Coruña no ano 1996).

E aínda que a alineación cos grupos ecoloxistas ten sido fundamental no desmarque da incineración e a creación desta nova identidade da cidade como representante dun modelo de desenvolvemento sostible, as posibles

reclamacións dos mesmos teñen sido obviadas unha vez configurada a tendencia social positiva aos proxectos de Bens e Nostián e os resultados xurídicos derivados das causas abertas contra o Concello da Coruña.

El gobierno Municipal se vió obligado a rodearse de un halo de ambientalismo mediante el convenio que firmó con Greenpeace, que impuso a cambio sus condiciones. (Francisco Lueiro García (Pachi Lueiro), presidente da organización ecoloxista Arco Iris na Coruña)

A latencia do conflito na xestión dos residuos

Hai non embargantes un feito que fai estar sobre aviso con respecto á latencia do conflito, xa que como se ten establecido, vai máis aló da recollida dos residuos e do seu tratamento. Tratase dun asunto tremendamente influínte a ollos da opinión pública, unha opinión pública, que ve con tremendo estupor a explosión dun dos dixestores da nova e moderna planta de Nostián cinco meses despois da súa posta en funcionamento.

Prodúcese polo tanto un estado de semi-alerta, que pon sobre aviso tódolos sistemas de detección obviados anteriormente, tranquilízase á poboación eponse de manifesto o compromiso co mantemento deste novo modelo derivado do consenso cidadán como aposta especial de Francisco Vázquez.

Home foi ... foi outro golpe, vamos a ver de repente nós temos a mellor planta do mundo e resulta que volvemos a ter un grave problema, home pois volveron outra vez a restar importancia non, naquel momento restáronlle toda importancia dixeron que isto que era normal, que podía pasar e tal e trataron de ... pero claro que nos medios de comunicación e a nivel de tratamento informativo e recolléronse todas as declaracións tanto do part ... do equipo de goberno como da oposición non. E non quedou nada claro se iso se podería volver a repetir ou non ou sea que claro, volveu a ser outro, e volver a vir Greenpeace e lembro que tiveran aquí unha rolda de prensa, bueno que pode pasar que pode haber unha explosión desas evidentemente estamos falando dunha planta nova que bueno que restáronlle importancia a esta explosión e bueno como tampouco

non houbo vítimas nin houbo nada e se seguiu recollendo o lixo e non houbo ... bueno pois aparentemente todo quedou na normalidade non.(María Jesús Castro Candal periodista da RTVG para a provincia da Coruña no ano 1996.)

De novo faise patente a catástrofe medio ambiental, o cal focaliza a atención sobre os xestores do concello e a seguridade cidadá, que reaviva os feitos sucedidos no barrio do Portiño como resultado do derrube de 200.000 m³ de RSU e o falecemento dun dos veciños.

Malia todo, os precedentes de actuación están ben marcados nesta fase de reactivación da crise co control da situación, realoxo dos cidadáns afectados e recuperación da zona que se efectúa contra reloxo. A correcta xestión anterior, leva neste punto a establecer o carácter da Coruña como unha cidade preparada e un goberno reelixido como resultado do rápido desenlace da situación.

O especial risco que supón a crise para os servizos públicos, vai levar neste repunte a un plantexamento mais rigoroso por parte das administracións competentes no que a xestión dos residuos se refire. Tendo en conta a importancia de facer valer o modelo plantexado, neste punto tentase non establecer unha nova alteración do ambiente social e político no tocante ao control e á xestión.

De non ter sabido manexar axeitadamente esta situación de peche da crise, poderían terse reavivado as repercusións do derrube e incluso os fallos producidos pola mala interpretación da sensibilidade cidadá, o que pode dar lugar a un novo fenómeno de risco como o presentado nos anos 90. No que a non existencia dun plano de emerxencia, impediu un calculo dos factores de perigosidade en xogo e deu lugar á conseguinte toma de responsabilidade por parte dos responsables públicos.

Eh... o cambio e o recoñecemento de o recoñecemento do erro é dicir de non estar facéndoo ben e de ter que adoptar esas medidas, por suposto que os seus ingredientes persoais etcétera de marketing...pois eh..., foron asumidos i eso durou uns anos ata

que de novo se foi percibindo pois a...o vacío pois nesta xestión non.(Manuel Soto Castiñeiras Enxeñeiro Químico e presidente ADEGA no ano 1996).

Uns responsables, que deben poñer especial atención no dano á imaxe que representan e no comportamento responsable á hora de manter a paz social e o control sobre as encomendas delegadas na súa xestión. Unha xestión que debe de ser proactiva e conforme ás responsabilidades adquiridas co total da cidadanía, que centra os seus esforzos no mantemento dos seus intereses (non no meu xardín) fronte ás prioridades políticas (non no territorio-período electoral).

A solución polo tanto, sería unha xestión verdadeiramente proactiva con capacidade para manter o risco localizado e illado, tendo a seguridade da existencia dun patrón de crise, que permita unha reacción urxente e na que a minorización dos danos, sexa a prioridade. Dando lugar en caso da chegada da crise a toda unha serie de niveis de credibilidade e legalidade.

A situación real, dista moito de ser tal e como debería, ao atoparnos cun barrio sepultado, a morte dun cidadán e a demanda dos grupos de presión que viñan denunciando o estado de descontrol do vertedoiro do Concello da Coruña. Isto, propicia un levantamento social que gracias a unha gran xestión comunicativa é canalizada cara as instancias superiores e non chega afectar aos xestores locais.

Este saldo positivo para a administración local e a estratexia trazada pola corporación municipal da Coruña, debe facerse valer como imaxe perante futuros focos de conflito como o asociado á nova planta de Nostián, no que se producen novas vertentes de crise asociadas a incidentes como o da explosión dun dos dixestores ou os malos cheiros xerados pola acumulación de residuos aínda sen tratar.

Esta nova realidade, unida ao rexeite do modelo incinerador e os problemas causados coa planta de SOGAMA en Cerceda, aumentan a transcendencia mediática facendo polo tanto máis ampla a posibilidade de repercusións

negativas.

A repercusión mediática é... umm a máis grande que eu vin..., eh...excluindo o tema do Prestige i nunca máis co tema...bueno da catástrofe do Prestige, por suposto que se superou con creces. Pero... por primeira vez un problema ambiental como... puntual, localizado como é este un accidente, un derrubamento dun vertedoiro, pois... concitou aquí medios de comunicación e televisións de todo o mundo... (Manuel Soto Castiñeiras Enxeñeiro Químico e presidente ADEGA no ano 1996).

O encubrimento da xestión e a falta de control sobre os elementos detonantes comúns a toda posible catástrofe, pode ter repercusións inabarcables para un modelo ríxido como o desenrolado polas administracións centrais e rexionais nas crises subseguintes provocadas polo Mal das Vacas Tolas (2000) ou a catástrofe do Prestige (2003), na que o goberno autonómico trata a crise de modo autoritario e case feudal⁴⁴ (Barreiro Rivas 2003) e no cal a información, destaca polo seu grao de inconsistencia, o que inflúe no grao de confianza da poboación e o sitúa como ente actuante fronte a inoperancia dos gobernantes.

⁴⁴ O papel levado a cabo polo presidente da Xunta Manuel Fraga no caso Prestige establecido por Barreiro Rivas como máis propio dun señor feudal que como un representante electo do pobo.

O peche do conflito de Bens

A situación ideal, sería ter establecido un patrón de risco para non ter chegado ao desenrolo da crise e centrarse no tratamento e xestión das posibles consecuencias así como no establecemento de toda unha serie de indicadores de alerta, no que se desenrole de forma común as auditorías internas e os balances de comportamento a fin de evitar fenómenos sobrevidos como os que se están a analizar.

Malia todo, a operatividade e a experiencia previa baseada en precedentes recentes en canto ao nivel técnico, teñen levado ao Comité de Crise da Cidade da Coruña, a unha asunción do problema semellante á establecida por REP-SOL no embarrancamento do Mar Exeo nas costas coruñesas (1992). Isto, sitúa ao concello nun plano de actuación que desborda as expectativas das instancias superiores, que se ven superadas pola axilidade directiva iniciada polo máximo organismo local. Entretéxese así, unha rede que lle permite á corporación municipal saír airosa a través dun argumentario que lle vai permitir a eficaz saída da crise, centrada no axeitado deseño das medidas a adoptar e establecendo unha selección de obxectivos a curto prazo. Así, as solucións prácticas asumidas na asistencia á familia da persoa falecida, a toma de solucións ao derrubo, e unha estratexia de comunicación centrada na solvencia dun novo modelo confrontado co plantexado pola Xunta de Galicia resulta moi efectivo á hora de evitar responsabilidades maiores.

... hay dos vías, una que duro mucho tiempo, mientras no recompones al estado natural el... el lugar no y segunda cuestión muy importante que es establecer una compensación rápida y muy directa y rápida a todos los que fueron afectados por ese derrumbe; ya no solo a los que... a la persona que perdió la vida, sino a los que perdieron enseres, perdieron coches, perdieron material porque obviamente todo lo que estaba en el puerto quedo arrasado, con lo que también toda una problemática social dejaba de ser problemática para que no repercutiese. (Francisco Javier Losada de Azpiazu Tenente de Alcalde da Coruña no ano 1996).

O resultado da devandita estratexia, ten producido unha certa volta á normalidade e o suceso semella ter pasado a formar parte do imaxinario colectivo, como un caso de éxito respaldado ao mesmo tempo polas instancias xudiciais, que teñen exonerado de toda responsabilidade á compañía xestora do xa desaparecido vertedoiro de bens.

A modo de reflexión do resultado da boa política de xestión de crise levada a cabo polo gabinete do concello da Coruña, debemos dicir que:

- Os medios de comunicación só se teñen feito eco da noticia en datas significativas como no recente décimo quinto cabodano.
- A decrecente preocupación por parte da cidadanía en canto ao estado da xestión dos residuos sólidos urbanos na cidade.
- A normalidade recuperada nas áreas afectadas.

Amais, en base ao establecido polas diferentes persoas entrevistadas, podese constatar que se trataba dunha situación de abandono do vertedoiro de Bens, que era unha situación que se viña prolongando durante 50 anos e que os membros das diferentes entidades implicadas na solución do conflito; neste caso o grupo de goberno da cidade da Coruña e a asociación ecoloxista Greenpeace abogaron por un modelo rectificativo e ambientalista que supoñía un enfrontamento coas instancias de poder superiores.

Tamén se debe ter en conta a actitude de enmenda desenrolada por parte do concello, que en todo momento establece un plano de comunicación arrollador que permite sublimar as críticas externas ao novo modelo, facendo participes á Unión Europea e a Unesco, e permitindo recuperar a imaxe da cidade tanto interna como externamente.

En canto ás críticas establecidas á falta de permeabilidade existente na xestión da nova planta de Bens, poderíase dicir que se trata dunha materia en vista a se solventar, como resultado da actual auditoría a que se esta a someter a mesma pola corporación local constituída o 11 de Xunio de 2011. Malia todo, deberá de se establecer un precedente como o observado na xestión do ver-

tedoiro e as reiteradas alusións ao desfase existente na súa vida útil.

Bibliografía

ADEGA.: *A Coruña pola reciclaxe, o plano de xestión do lixo no concello da Coruña*. ISSN 1136-2677 CERNA 34 2001 pp 10-13.

ADEGA-Cerceda.: *SOGAMA: Contaminación oficial*. ISSN 1136-2677 CERNA 33 Outono de 2001 pp 16-17.

ÁLVAREZ DÍAZ, J.: *De “SOGAMA” á sociedade galega de medio ambiente*.ISSN 1136-2677 CERNA 34 2001 pp 25-30.

BARREIRO RIVAS, J.L.: *Prestige a catástrofe que despertou a Galiza?*. Can-deia, Santiago de Compostela, 2003.

BECK, U.: *La sociedad del riesgo hacia una nueva modernidad*. Paidós, Barcelona 1998 (2001).

BELL MALLÉN, J.I. Et al: *Comunicar para crear valor: La dirección de la comunicación en las organizaciones*. EUNSA, 2005 pp 197-214.

BUENO CAMPOS, E.: *Desarrollo de la estrategia y análisis de casos*. Pirámide, Madrid, 2006.

GONZÁLEZ HERRERO. A.: *Marketing preventivo: la comunicación de crisis en la empresa*. Bosch. Barcelona 1998.

LOSADA DÍAZ .J.C.: *Comunicación en la gestión de crisis. Lecciones prácticas*. UOC. Barcelona 2010.

MITROFF, IAN .I.: *Como gestionar una crisis: guía para mejorar la preparación frente a una crisis*. Gestión 2000, D.L. 2002. Barcelona.

RIVAS BARRÓS, M. et al: *Catástrofe de Bens mesa redonda-debate*. ISSN 1136-2677 CERNA 19 1996 pp 3-7.

RODRIGUEZ ELÍA, L.M, : *Recollida Selectiva en Orixe a experiencia da reciclaxe de R.S.U na Mancomunicade de MONTEJURRA (comarca de Estella, Navarra)* traducción Manuel Soto Castiñeiras ISSN 1136-2677 CERNA 34 2001 pp 14-23

SANCHEZ CALERO, M, L.: *La información especializada en la gestión de crisis*. Fragua, Madrid 2006.

SANJUÁN. A.: *Esto rompe casos de productos en apuros y gestión*. Netbiblos, A Coruña, 2002.

SOTO CASTIÑEIRA, M. VILAMEÁ, S.: *Bens, a irresponsable xestión dun vertedoiro: dossier*. Cerna. ISSN 1136-2677 CERNA 19 1996 pp 1-11.

TARDE, G.: *La opinión y la multitud*. Taurus, D.L. Madrid 1986.

XIFRA. J.: *Comunicación proactiva: la gestión de conflictos potenciales en las organizaciones*. Gedisa, Barcelona, 2009.

Diario el País. Grupo PRISA. 2011: Archivo Edición impresa <http://elpais.com/diario/>.

Anexo I

A evolución da crise paso a paso

10 de setembro de 1996, prodúcese o derrubo de 200.000 m³ de residuos inadecuadamente procesados, o que da lugar a unha posta en marcha do continxente de crise; o Tenente de Alcalde Xavier Losada, da a información correspondente ás primeiras fases do suceso, ao tempo que establece unha certa cautela debido á dificultade da avaliación de danos nun primeiro momento.

“tratase dun verquido sen consecuencias medioambientais para a zona costeira, polo que non presenta danos irreversibles en aparencia”

Non se establece unha valoración sobre as posibles vítimas, xa que nun comezo, descoñécese o paradiro da persoa desaparecida e convínste tratar o tema con cautela polas posibles consecuencias que unha noticia de tal tipo podería ter para a familia dos afectados,

Malia todo, o propio tenente de alcalde aventurase a establecer un primeiro balance de canto tempo pode implicar unha volta a normalidade, catalogada nun primeiro momento en torno aos 3 meses de traballos.

11 de Setembro de 1996, ao día seguinte, coa chegada do Alcalde da cidade, prodúcese unha nova comunicación por parte dos responsables políticos. Cunha maior perspectiva e confirmación do sucedido, establececese a posibilidade da existencia de unha única vítima, faise unha valoración positiva da dimensión do verquido e negase unha posible explosión de gases, xa que se trataba dunha zona selada e inactiva do vertedoiro.

Polo tanto, regulase de forma intelixente a comunicación, crease unha única canle de produción da información que é a que transmite oficialmente o concello nas persoas dos seus principais representantes.

14 Setembro de 1996 é confirmada a desaparición dun home que residía no barrio do Portiño, a situación comunicativa tornase máis adversa. Os medios de comunicación fanse eco da traxedia humana paralela á catástrofe ambiental, o

que pon de manifesto a escasa vixilancia á hora de establecer o correcto illamento do vertedoiro con respecto ao barrio e as seus moradores.

Os veciños, pasan a ser as voces discordantes fronte o concello e logran unha visión mediática considerable que ensombrece a actuación primaria do goberno.

Ante esta situación o concello toma novas medidas na xestión da crise, establecendo toda unha serie de defensas con respecto as condicións do vertedoiro. Reiterase que o verquido se ten producido nunha zona selada e achacase o derrubo a causas alleas ao carácter técnico, como resultado do exceso de choiva nos derradeiros meses.

Amáis reclamase a intervención do estado a través da declaración de *zona catastrófica*, como resultado desta petición increméntase conscientemente o grao de gravidade do derrube o que lle confire un novo método de xestión.

- Evacúase aos veciños do barrio do Portiño ante os posibles riscos de novos verquidos. (18/09/1996)
- Establécese un novo período de traballo e recuperación da zona afectada, xa que se teme posibles novos derrubes que podería superar os efectos medioambientais nocivos producidos polo “Mar Exeo”. (21/09/1996)

O día 30 de Setembro de 1996, o ministerio de Medio ambiente a través da súa representante Isabel Tocino, denega a participación estatal e acusa ao goberno local de negligencia. Como resposta mediática, este reduce o perigo de derrubes e establece o proceso de normalización nun tempo menor do establecido inicialmente, amáis replantéxase o modelo de xestión de residuos urbanos simbolizado a través dun acto con Greenpeace.

O día 7 de Outubro de 1996, establecece polo tanto o compromiso coa recollida selectiva e a busca de alternativas á incineración presentada pola Xunta de Galicia, malia a constancia do acordo firme do alcalde coa alternativa ao vertedoiro presentada por SOGAMA..

Malia todo, o problema segue a estar presente, e o concello está traballando na consolidación da escombreira, á que non se ten aínda alternativa viable que permita o peche da mesma.

O balance da traxedia ate este punto, presentase coa desaparición dun dos veciños do Portiño e decenas de familias desaloxadas polo efecto do derrube. Polo tanto, dunha maneira ou outra, esta situación ten producido un “*feito traumático*” que corre o risco de marcar a imaxe da cidade e dos seus xestores pola falta de previsión.

O papel do *comité de crise* parece efectivo a nivel comunicacional, pois o eco dos xornais de carácter local apenas se produce no nivel que cabería agardar. O goberno municipal pasa da catalogación de accidente á de situación de alarma, o que vai propiciar o clima perfecto para a petición de zona catastrófica.

Esta situación, sitúa a xestión do vertedoiro como centro de avaliación do sucedido, presentando de forma clara un fracaso no modelo de xestión; xa que tanto o concello como FERROGASA, teñen postergado de forma perigosa o peche dun vertedoiro claramente sobreesaturado e mal xestionado.

Ante o patente fracaso do modelo de vertedoiro a ceo aberto, postulase un novo modelo que permita a adaptación ás novas perspectivas da cidadanía, é que se encadre nun considerado modelo medioambiental sostible.

Así plantexase por parte do concello unha alternativa encamiñada ao soterramento do vertedoiro e construción da planta de Nostián, cuxos pregos de construción e explotación serán aprobados 8 meses despois.

Esta planta de tratamento de residuos para compostaxe e biometanización da materia orgánica, vai estar encadrada dentro dunha intensa campaña de concienciación iniciada tras a catástrofe do 10 de setembro de 1996 e que ten como resultado final a posta en marcha no ano 1999 cun sistema de recollida en dobre contentor en orixe no 100% da cidade da Coruña.

O 5 de xuño de 2001, con motivo do Día Mundial do Medio Ambiente inaugúrase o Parque de Bens cunha superficie de 605.000 m² onde se achaba o antigo vertedoiro.

O que se viu a reflectir co derrube do vertedoiro de bens, foi o fracaso do modelo de xestión dos residuos e a ocultación por parte tanto dos cidadáns como por parte das institucións. Isto evidenciou o incomodo que resultan certas obrigas tanto para o individuo como para a administración, de tal xeito que o cidadán elude as súas responsabilidades a través da delegación nos seus representantes das funcións que ao administrado lle resultan incomodas e que só saen á palestra, cando aparece unha presión que pode ter consecuencias políticas como é o caso.

Esta situación, ten dado lugar a unha gran cantidade de vertedoiros sen control, o 25% dos mesmos xerando incluso modelos de xestión paralelos de carácter mafioso que se dedican ao tratamento ilegal de residuos.

Se a isto, unimos que a maioría da poboación é contraria ao establecemento dun vertedoiro ou unha planta de tratamento de residuos na proximidade das súas casas, chegamos a actual situación; na que o modelo SOGAMA implantado en Cerceda, ten mostrado a súa saturación o que obriga á busca dun novo punto de ubicación da segunda planta de incineración⁴⁵, que previsiblemente estaría asociada á provincia de Ourense e ao termino municipal do Irixo. Unha localización que a día de 12 de Setembro de 2012⁴⁶, non ten tomado unha decisión sobre a conveniencia da planta neste municipio ante o rexeite social ao que se debe facer fronte.

45 Modelo retomado por parte da Xunta de Galicia tras as eleccións no ano 2009 e representadas no plano 2010-2020

46 O xornal El País recolle a as declaracións do Conselleiro de Medio Ambiente Agustín Hernández no que se recoñece a falta de decisión sobre o proxecto iniciado en Decembro de 2011 ante o incremento da actividade do vertedoiro Controlado de Areosa.

Anexo II

Entrevistas en Profundidade

A través destas entrevistas a individuos relevantes no proceso de xestión política, informacional e medio ambiental tentase establecer unha base sólida das percepcións existentes entre os diversos expertos na materia así como analizar lonxitudinalmente os resultados derivados da crise

Ademais, nas seguintes entrevistas reflíctese a visión actual en relación aos modelos de xestión dos residuos e a vixencia do debate aberto co desplome do vertedoiro de Bens como modelo pouco transparente e en certo modo incontrolado de cara a depuración de posibles erros ou responsabilidades futuras.

Entrevista Nº1: A Coruña 31 de Xaneiro de 2013. Facultade de Ciencias da UDC Campus de Elviña. Manuel Soto Castiñeiras Profesor Titular de Enxeñería Química e máximo encargado da Asociación Ecoloxista ADEGA no ano 1996.

Entrevistador (a partir de aquí E): *Para comezar, gustaríame saber ¿cal é a relación que tivo ou ten coa crise do vertedoiro de Bens acontecida o 10 de setembro de 1996?*

Manuel Soto (a partir de aquí M.S.): *¿A miña relación persoal?*

E: si

M.S: Bueno ..., o meu traballo ahí foi por ... bueno ..., de algunha maneira ... dobre; pero fundamentalmente por ser nese momento presidente da asociación ecoloxista ADEGA y eh ... coincidindo, aínda que eu vivía en Santiago ..., coincidindo que eu traballaba aquí na Coruña; pois eh ... tiveron unha relación máis directa tamén ... e por cuestións profesionais dado que eh...coñecía ou estaba traballando xa o tema de residuos ... (parte pouco clara) ... da docencia universitaria y da investigación non?.

Entón eh... fundamentalmente o... o... a relación foi o seguimento da catástrofe eh... i a coordinación do traballo cidadán, creouse unha plataforma...umm, unha plataforma cidadán pola reciclaxe na Coruña i da que participaron asociacións de veciños, sindicatos i colectivos ecoloxistas; i eu coordinei ese traballo. Elaboramos unha proposta xa bastante técnica, configurando pois esa... esa compoñente profesional, por certo... coa colaboración de moita outra xente que colaboraron, ... bueno que axuda ou colabora na asociación ADEGA i que son expertos en tema de residuos i...eh tamén a proxección pública, é dicir...o... a organización de debates, houbo manifestacións...eh...solicitando pois a, o cambio na política de xestión de residuos.

Eso desembocou, pois no prazo de... de..dez..de dous anos aproximadamente a nova proposta do concello, que non era exactamente a que se defendía pero bueno, formalmente eh... na proposta de recollida selectiva e reciclaxe.

E paralelamente, houbo...eh...neses, xurdiron dous ámbitos de xestión, un no concello da Coruña, outro no consorcio de concellos; neste ámbito si había unha maior coincidencia, incluso xa cun proxecto que empezou a facer educación ambiental polo ano 99-2000. Mentres o concello da Coruña estaba en planta en proxecto técnico unicamente... pero, eh... finalmente a planta que foi adiante foi a de Nostián, e a partir de ahí pois a inauguración da planta. Durante a elaboración do proxecto, si houbo comunicación co concello e coa administración incluso, no momento da posta en marcha ía ser grupos ecoloxistas e tomando por parte da administración as ideas de participación cidadán, incluso os ecoloxistas os que eh...se encargaran das campañas de educación ambiental; pero xa no momento concreto da...da posta en marcha do proxecto, pois se...se optaron por...por unha, pola contratación a empresas i se cortou a vía de diálogo cos grupos ecoloxistas. A partir de ahí pois a miña relación xa foi

secundaria, pero si fixen un seguimento: tamén por un por razóns profesionais da evolución da planta, do da planta de Nostián... ao longo do tempo e xa rematamos ahí, aínda cos datos de 2011 pois xa volvín a... (incomprensible).

E: *¿Cal cree a repercusión que o...desprendemento do vertedoiro de Bens i cales son as repercusións da crise?*

M.S: A repercusión mediática é... umm a máis grande que eu vin..., eh...excluindo o tema do Prestige i nunca máis co tema...bueno da catástrofe do Prestige, por suposto que se superou con creces. Pero... por primeira vez un problema ambiental como... puntual, localizado como é este un accidente, un derrubamento dun vertedoiro, pois... concitou aquí medios de comunicación e televisións de todo o mundo; de Europa, de Australia, de Estados Unidos e temos..., pois estivemos atendendo entrevistas ou comunicación para medios durante...um... durante meses a partir do derrubamento.

Por tanto a nivel mediático foi quizais, como cuestión local da Coruña, a de maior alcance dende o punta de vista ambiental e despois de... da Catástrofe do Prestige, pois seguramente... quero dicir...o... por arriba quizás pola responsabilidade. ¿Cal é percepción pola responsabilidade puramente local?... na xestión dos residuos non... i tamén cidadana porque todos estamos implicados..., pois eu creo que tivo un alcance nas consciencias, maior que o embarrancamento do...do Mar Exeo...eh...6, 96, catro anos antes, no 92. Por ser unha catástrofe maior á...por suposto á petrolífera do Mar Exeo e...a...tamén a do Prestige...¿non?... dende o punto de vista ambiental.

E: *Na súa opinión ¿ Cal cree que é o principal detonante da catástrofe?*

M.S: Bueno...um... do accidente, do accidente dende o punta de vista físico é unha..., un vertedoiro incontrolado cunha mala xestión dende o punta de vista técnico do

vertedoiro. Abonda pois saber que unha acumulación de lixo na aba dunha ladeira, nun plano inclinado i cunhas...unhas condicións pois que o, o risco... era inminente, non.

Iso dende o punto de vista técnico digamos, dende o outro punto de vista pois xa...é dicir...bueno e tamén indicar que este vertedoiro no ano...en anos anteriores estaba nos inventarios do goberno central, que naquel momento practicamente aínda tiña... das as competencias en medio ambiente aínda estaban pouco transferidas a nivel de estudos e tal empezaban a estar; ate o ano 94 ese vertedoiro estaba considerado como un dos cinco vertedoiros controlados que había en Galicia, pero xa a partir do 94 pois xa estaba clasificado como non controlado, en realidade, nin antes nin despois reunía os requisitos de vertedoiro controlado i...e... logo a catástrofe esta relacionada co modelo de xestión do lixo que era... que estaríamos digamos por debaixo do mínimo, o único que se facía a evacuación, aproveitando que había un monte tan perto da cidade, unha...un pequeno monte que ocultaba vertendo detrás del pois os residuos a toda a cidade, pois había unha falta de conciencia absoluta i de responsabilidade no tema. Sin embargo xa había anos de protesta, creo que xa aparece no dossier que se publicou nese momento (DOSSIER DA REVISTA CERNA N 16), había...eh... moitas...eh... protestas en anos anteriores pero ligadas a...algún sector, algúns veciños en concreto e a colectivos ecoloxistas por pequenos, digamos avances ou anuncios do que ía pasar, como eran incendios i derrubamentos parciais no vertedoiro, é dicir que si...vía...víase vir, o que non era previsible ou a ciencia certa digamos o alcance dun derrubamento coma este.

E: *Entón, ¿debería ter considerado na súa opinión o perigo con maior detemento o concello á hora de establecer as medidas de prevención?*

M.S: Bueno... si, iso está fora de toda cuestión , a falta de normativa nese momento ou ao mellor mais que a falta de normativa concreta a falta digamos dunha actuación fiscal ou xudicial, pois no seguimento destas cuestións como hoxe estamos vendo na cuestión de corrupción, etcétera que se pon prácticas que hai dez ou vinte anos estaban ahí xa e non se... e a xustiza non dicía nada; neste caso a normativa non era tan clara non,...había unhas especificacións técnicas no rango de lei como hai actualmente para as condicións que debe cumprir un vertedoiro controlado, pero si había documentación técnica suficiente para considerar os que había, entón era unha xestión claramente carente de ... dos requisitos técnicos e de normativa.

E: *¿Cree na existencia dun plano de crise real por parte do concello?, e unha vez tido en conta que a universidade da Coruña elabora un informe sobre a mala praxe que se esta a levar neste vertedoiro...anos antes...que o propio concello da Coruña...*

M.S: si

E: pide.

M.S: Un plano de crise?,... pois non coñezo si había ou non había un plano de crise do propio concello. Nese momento paréceme raro que o houbera xa polo menos avanzado,...pero descoñezo se había un plano de actuación fronte a unha situación de emerxencia; pode que houbera un plano por cuestións da cidade é dicir de fogos, de distinto tipo de ... de problemas non ..., Sinembargo hoxe na catástrofe precisamente do Mar Exeo pois houbo un risco moi elevado dunha catástrofe, houbo unha risco para a poboación real, pola nube de fume que se creou, que...que non entrou na cidade, pero que puido ter entrado, de todas formas dentro da xestión de vertedoiro que eu saiba non había; polo menos se mantiña unha xestión do vertedoiro

incontrolado.

E: *Entón, ¿cree que danan os intereses políticos ou económicos por exemplo na concesión a FERROGASA que se plantexa dende...dende ADEGA?, se establece que hai unha mala praxe a hora de concedela a FERROGASA, a empresa que se encarga do mesmo, e que isto incorre nunha falta de... ou nunha deixadez da seguridade pública ou incluso da imaxe.*

M.S: *Bueno ahí, hai re...responsabilidades compartidas pero claro é a .. o titular é a administración a que é responsable do contrato que asina non. Entón, na medida en que... unha de dúas ou a administración se fai cargo; ou senón terían que demostrar que a empresa está incumplindo, cando se renova un contrato polas prácticas anteriores, estase dando por entendido de que esa xestión é a correcta, estase aceptando que esa é a xestión correcta entonces; de algunha forma se está eximindo a empresa de...de responsabilidade nese sentido, a responsabilidade pasa a ser política fundamentalmente, e... e non hai dúbida de que é política nese sentido, porque eu creo que son os obxectivos políticos os que se teñen marcado no momento.*

E: *¿Existe a suficiente información ao longo do tempo de crise?, e se hai esta información ¿se produce algún tipo de censura... de autocensura por parte dos axentes implicados, axentes medioambientalista.... me refiro unha vez que se empeza a falar co concello...?*

M.S: *ummm*

E: *me refiro por exemplo por parte de Greenpeace, hai un...e...¿se retrotrae a crítica ou segue viva?.*

M.S: Bueno...e...non podo, umm.... o tema de Greenpeace non podo falar, non teño os datos internos por suposto, pero non houbo...é dicir,...falta de información por parte do concello houboa daquela e a seguiu habendo. Eu creo que o pouco tempo de diálogo foron a partir de ... do ano e pico, ... cando pois na fase previa avanzada de presentar esta proposta cando o concello xa tiña previamente esa esa...(inaudible), xa Greenpeace estaba de acordo, xa tiña unha proposta pois se abriu como...o mesmo ano despois se abriu unha vía de diálogo, que se mantivo durante dous anos ate a posta en marcha da planta;...pero que apartir de ahí, nese momento houbo diálogo, coñecemos o proxecto i...i...bueno, vimos que era un proxecto que ía cambiar a política que se facía, que podía dar resultados, Sinembargo pasou o ano da inauguración da planta, o ano 2001e a falta de información por parte do concello foi continuada ata practicamente ata día de hoxe.

Falta de diálogo e de transparencia..., podemos buscar información que hoxe debe de ser pública a través dos medios informáticos e non hai información de como,...de resultados etcétera; inda agora que parece que hai unha auditoría, un estudo de funcionamento da planta pois se estaba discutindo hai quince días, que eu preguntei polo tema, estaban discutindo se o concello a facía pública ou non, que parece que non quería... que non ía facelo público, sobre co...eh a situación tanto económica como ambiental de funcionamento etcétera...non.

Entón...eh...coñezo poucos concellos cunha política tan pouco transparente de forma continuada con esta excepción, no caso,...nese caso pois con tanto coas asociacións ecoloxistas como incluso coa plataforma eses datos etcétera pois se abriu esa vía de diálogo, ao comezo non a houbo, no primeiro ano do derrubamento da catástrofe non a houbo.

E: *En canto á primeira resposta por parte do concello da Coruña, ¿se producen ou esta baseada esta resposta en consulta a expertos y no caso de Nostián se consulta aos expertos e se sabe realmente cales son as tendencias de cara aos novos tratamentos de residuos sólidos urbanos?*

M.S: Eh... fora do que é a catástrofe, porque eu creo que aquí a...é dicir a situación de emerxencia foi,...durou pouco como tal emerxencia; logo seguíamos tendo unha situación de precariedade ate que...que podía haber...haber de novo...pois problemas e derrubamentos ata que se selou o vertedoiro i se asegurou un pouco e se deixou de verter alí non.

Pero eh,...é dicir esta é a elaboración de informa...de información técnica de cara á novo...as propostas que debían vir por diante...pois si antes comentabas o de Greenpeace parece que o co... que o concello si que concretou ou chegou a acordos ou dialogou con Greenpeace xa no momento inicial para a proposta, i nese sentido pois porsuposto que o concello, non fan; non son cargos políticos os que levan o proxecto, é dicir que ahí hai información técnica. O que pasa e que a os expertos son, non deixan de ser parte interesada entón i os técnicos e as empresas construtoras, etcétera que normalmente elaboran as propostas por encargo pois eh... teñen obxectivos concretos e hai unha vía i segue habendo todo tipo de opinións técnicas i cal debe ser a xestión do lixo.

Hoxe a normativa foise decantando a favor do...da reciclaxe, a directiva de 2008, pero non naquel momento. Falaba pois nese momento, tiñamos a directiva de residuos de embases que tamén establecía o obxectivo do 50% do reciclaxe do material de embase e hoxe a directiva e a lei xa trasposta ao estado español pois fala da “sociedade do reciclado”; pero naquel momento ninguén, nin menos na administración

galega...nin o...o... sector político con responsabilidades no goberno, nos gobernos en xeral, pois recollían claramente ese...esas propostas que estaban limitadas a cuestión ecoloxista ¿non? i eran a alternativa dos tres Ras redución, reutilización e reciclaxe, no 98 entra na lei de residuos, pero ate o 98 incluso anos posteriores, pero ate ese ano en concreto era a proposta ecoloxista, non a asumían a maior parte dos técnicos.

Hoxe aínda que os plans de xestión moitas veces levan a priorizar a eliminación ou incineración, etcétera, pois formalmente teñen que recoñecela porque é o obxectivo número un da normativa que pasou a ser a rango real...legal. Pero bueno, resumindo que non abonda non e o máis importante e a formación ou información ou participación de expertos que é importante pero que a definición de obxectivos é social i nese sentido é determinante a participación social; é dicir que as cuestións estén abertas a participación social i eso é o que lle imprime realmente o que é un maior potencial de imprimirlle unha evolución...máis correcta aos cambios na xestión, mentres que... a asesoría técnica pois me parece está condicionada por grupos de presión non.

E: *Entón, ¿crería que se esclarecen as circunstancias do derrubo claramente ou non?*

M.S: Bueno, eh...eu a día de hoxe tampouco, é dicir non repasei realmente a documentación para ver xa aspectos concretos ¿non?, as responsabilidades do derrubo, ¿as responsabilidades da catástrofe dicíame?, é que hai...a ver, ... si definimos que a xestión do vertedoiro era dun vertedoiro incontrolado, estamos dicindo que se estaban levando a cabo prácticas pois un pouco fora da, ... do que debería ser, do que determinan as normas técnicas e legais entón por tanto ahí, hai unha responsabilidade de calquera axente que participa nesa xestión, tanto da empresa como da administración i é a única responsabilidade formal que se pode extraer. O

demais pois e fortuíto e que um ..., que houbera pois unha acumulación seguramente de gases, unha acumulación de bolsas de auga etcétera que causaron a razón física de porque se derruban os residuos ese día a esa hora i non se derrubaron antes ou non deix... ou non permaneceron estables non.

Pero é a falta de medidas técnicas, de técnicas da xestión do vertedoiro controlado, as que realmente fan responsables ás persoas encargadas de supervisar ou de ... de realizar as tarefas.

E: *Dende o punto de vista mediático hai como unha... como un xeito de recoñecemento de erros por parte do concello, ¿Cal cree que é o peso deste recoñecemento dos erros dende o punto de vista medioambiental ?.*

M.S: Eso foi, ... eso veu determinado polo alcance mediático da catástrofe do accidente e no momento no que foi. Coincidiu co momento álxido da conciencia ambientalista, en concreto no caso galego i especificamente no tema de residuos, eh... esto foi en setembro de 96, en nese e dende o 95 dende o ano anterior, estaban aparecendo plans comarcais de reciclaxe, o do Morrazo, o do Barbanza e o do Consorcio que xa estaba en...en conversas para empezar. E dicir, que había todo un movemento social pola reciclaxe, un pouco dada a situación de atraso, é dicir tamén que se vía como unha urxencia; dada a situación de atraso que Galicia tiña. Xa nese momento a recollida de vidro estaba no 2%, a media estatal estaba polo 40%, e dada esa situación de atraso i a campaña social que estivo no aspecto ambiental centrada no tema de residuos, pois digamos que...i xunto co alcance mediático porque esto xa non pa... no primeiro mundo non pasaba en ningún lado, ... pois entón (no primeiro mundo risas.....) en occidente nos países industrializados; pois isto era mais ben de 20, 30 anos atrás.

Entón o concello, viuse obrigado a...por razóns políticas e de imaxe pública pois a...esa actuación, e foi o que realmente fixo o cambio cara un plan alternativo... . O concello da Coruña estaba, ... foi dos primeiros, era un dos poucos que estaba adherido a SOGAMA nese momento i que... que tivo que abandonar; tubo que rachar a adhesión, seguramente non era contractual naquel momento, senón unha adhesión política ao plan de SOGAMA.

E: *Entón ¿aproveitase esta dinámica de cambio que vostede ten establecido agora na súa resposta?, ¿aproveitase esta dinámica de cambio por parte do concello para cambiar o modelo?*

M.S: Si

E: *i mostrar unha... un boismo digamos...*

M.S: Bueno, eu creo que nese momento...a...a... a prop...valorando dende hoxe, porque hoxe hai, ... este proxecto deixou de ser...eh... non esta funcionando ben e deixa de estar percibido pola sociedade como un proxecto axeitado ou adecuado, etcétera ¿non?. Entón nese momento penso que si que era un proxecto con que se... que a sociedade confiou nel, pero a dinámica de funcionamento; por exemplo a falta de transparencia que antes comentei e outros aspectos da dinámica de funcionamento política do concello da Coruña en conxunto, pois levou...a...a que se frustrara digamos, a consolidación dunha alternativa realmente avanzada na xestión dos residuos ¿non? e un dos elementos importantes, foi que (inaudible) xurdiron separadamente o proxecto do concello da Coruña i un proxecto para concellos limítrofes do Consorcio. Un dos elementos negativos foi a presión que fixo o concello da Coruña sobre o consorcio, para absorbelo de novo i facer un único proxecto. O cal é parte do

problema que hai na planta de Nostián na actualidade non.

E: *En canto a bueno, ademáis da zona non, que do propio vertedoiro en si, charamonas que hai un barrio moi próximo, que se produce unha vítima mortal i ... ¿crería vostede que hai unha premeditada manobra de esquecemento por parte do concello desta catástrofe?, ¿fixo o suficiente para que cando as familias voltan meses despois para manter salubre a zona ou establecer uns criterios de salubridade?*

M.S: *¿na zona?...Eu ahí non coñezo un estudos técnicos ¿non?, pero dáme a impresión de que si que a zona se restaurou que esta convertida nun parque i um.. o que e a zona de .. do vertedoiro de Bens aínda que os residuos seguen ahí e o período de degradación estabilización etcétera pois é máis amplo do que pasou, pero xa na actualidade ten que estar moi...bastante adaptado.*

l a polémica, á cuestión ven despois, polo funcionamento da nova planta que pois que neste caso xa pasou a ser percibida como o novo Bens, ... coa xestión percibida organolécticamente durante anos, agora menos acusada foi similar... . O que é difícil de entender, é como o concello despois de elaborar este proxecto, ter un par de anos de abertura á sociedade...bueno aos colectivos, aos sectores máis críticos e máis concienciados, pois volveu as mesmas practicas de atrás i deixou que a xestión dos residuos; aínda que con outra planta, volvese un pouco ao camiño de antes.

E resulta difícil de entender dende o punto de vista político, eu dicía antes que que quizais neste momento se confiaba nese proxecto, pero non se aprendeu a lección digamos, e na miña opinión pois o concello, o poder político no momento; pagouno perdendo as eleccións ¿non? nas últimas e baixando continuamente ao longo das últimas convocatorias na cidade e este é un elemento, non é o único por suposto, pero

é un elemento de moi mala imaxe hoxe para o concello tamén, para a cidade.

E: *fala a nivel electoral, por exemplo a figura de Francisco Vazquez que el é reelixido malia todo é reelixido...eh... ¿resulta unha figura relevante na resolución do problema é Paco Vazquez o que se en certo modo se plantexa como o solucionador non? , fala as veces da cidade estado que ten que liberarse a si mesma porque as instancias superiores non lle axudan a...*

M.S: Bueno peor eso é si, eso e a súa personalidade; hai quen opina que no concello non se facía nada sen que o fixera el ou dera el o seu permiso ¿non? e probablemente sería así...eh.. non o sei. Pero...eh...efectivamente...eh...as eleccións foron no 99, o concello xa tiña o proxecto i xa había un consenso e de algunha maneira ese cambio serviu para...bueno...; para perdoarlle a mala xestión anterior, non é que houbera unha confianza persoal en concreto nun alcalde. Bueno que cada un, pois a xente actúa de xeito moi (inaudible), pero na idea de que había un cambio real de política i que en efecto nese sentido resolveu o programa de imaxe que o vertedoiro i a catástrofe viña supoñendo e poñer de manifesto a xestión anterior. Por que ao fin e ao cabo un accidente pode habelo...e unha catástrofe pode habela por múltiples razóns, incluso imprevistas incluso facendo unha xestión axeitada etcétera; pero esta catástrofe puña de manifesto claramente pois esa xestión absolutamente fora da normativa, fora da...dos criterios técnicos e especialmente dos obxectivos.

Eh... o cambio e o recoñecemento de o recoñecemento do erro é dicir de non estar facéndoo ben e de ter que adoptar esas medidas, por suposto que os seus ingredientes persoais etcétera de marketing...pois eh..., foron asumidos i eso durou uns anos ata que de novo se foi percibindo pois a...o vacío pois nesta xestión non.

E: *Por parte dos medios tense falado de apoteose verde non , incluso co precio internacional que recibe a cidade da Coruña...*

M.S: ahí estabamos xa na xestión absolutamente de marketing e fora, xa non había transparencia, xa non había participación porque eso é en 2002, posteriormente creo lembrar agora que algún deses premios pois *saíu* que fora comprado, non sei se eso... se iso esta documentado por ahí, pero eu lembro de memoria que houbera esa polémica sobre esos premios.

E: (aclaracion segundo fontes medioambientalistas, o premio nations in bloom, constitúe autocandidatura, fágollo saber) *O premio que se da por parte da UNESCO podería ser autocandidatura. Podería ser resultado de isto.*

M.S: autocandidatura.

E: *Entón, ¿cree que socialmente a cidadanía toma responsabilidade na solución do problema ou simplemente evade a súa responsabilidade culpando politicamente a o ente...?*

M.S: Na miña opinión a cidadanía eh...a cidadanía é responsable nun grao moito máis avanzado do que foi o poder político, e este poder político en concreto. Bueno é verdade que falamos da personalidade de Paco Vazquez, pero ao final ten que deixar a alcaldía por problemas de este tipo; esta actuación en relación aos premios, esta actuación de sacar adiante un proxecto que logo deixa de ser o que era; pero logo outras actuacións xa puramente de corrupción.

Por que digo que a cidadanía é responsable, bueno nos seguimos durante...despois de 2001, 2000, 2001 ata 2005 a ev...a recollida selectiva no centro da Coruña e

